

cultura

Comeza o procedemento para declarar BIC a Ofrenda do Reino de Galicia. **Páx. 7**

sociedade

Lugo, cuarta cidade galega que supera os 100.000 habitantes. **Páx. 14**

infraestruturas

O ministro Puente avanza que a intermodal estará lista no 2025. **Páx. 17**

economía

Adjudican 23 postos na praza de Abastos e no Mercado Municipal. **Páx. 20**

deportes

Ascensos para Lugo B feminino e San Lázaro masculino de fútbol e do Lugo Sala FS. **Páx. 30**

A peonización de Lugo segue en debate



A praia fluvial para a cidade, máis preto

O Concello negocia coa Xunta poñer unhas ramplas de acceso ao río na zona da Tolda. **Páx. 18**

A Deputación adxudica a Teleasistencia

Destina un total de 400.000 euros a este servizo 24 horas, que atende nos 67 concellos. **Páx. 21**

A gastronomía, o centro das festas de verán

Facemos un percorrido polas principais celebracións na provincia. **Páx. 22-23**

Terra Nova



A orquestra lucense que lle dá unha volta ao clásico. **Páx. 5**

Coeses, en pé de guerra



Veciños reclaman o traslado da fábrica de metano. **Páx. 10**

Escuela Deportiva Shihan



Entrevista a Lara Abelleira, directora técnica do club. **Páx. 31**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel - 982 253 890

659 881 585

mail - administracion@mateoysanchez.es

A FONDO

A nova imaxe do Lugo peonil

As intervencións en canto ao mobiliario urbano, espazos verdes ou pavimento elixido xeran controversia entre expertos e veciños

Lucía Blanco

As tarefas de peonalización do casco histórico deron un xiro de 360 grados aos barrios do centro da cidade. A Praza de Ferrol, Santo Domingo, San Marcos ou a rúa Montevideo concentran algún dos cambios que deixan entrever, conforme avanzan as obras, unha imaxe completamente renovada da urbe. Á par destas intervencións, que arrancaron no ano 2023 e están financiadas principalmente con fondos europeos, o Concello avanzou na regulación do tráfico ao centro, que será declarado zona de baixas emisións, o que delimitará os usos e os accesos ao recinto amurallado, cambiando algúns dos recorridos para os residentes.

O proxecto pretende mellorar a calidade de vida da veciñanza, impulsar o espazo público para un maior uso do mesmo, poñer en relevancia os elementos históricos e dinamizar o centro mentres se potencian os usos comerciais e hostaleiros. Uns obxectivos que se apoian en numerosos estudos ao constatar como as peonalizacións son beneficiosas a nivel ambiental, social ou económico. Porén, desde a perspectiva estética ou funcional, as intervencións desatan controversia entre expertos e veciños.

PAVIMENTO

O pavimento elixido, como unha plataforma única a base de lousa cadrada de granito, é un dos aspectos que máis polémica xerou durante os traballos. “Este tipo



de prazas duras, sen apenas vexetación, con espazos mortos e baleiros, danme pena porque Lugo de gris xa vai sobrado e a lousa de granito fai falta pero non é necesario poñela de maneira masiva”, afirma Guille Tort, deseñador, historiador da arte e propietario dun estudo de arquitectura. Para el o xogo de granito e lousa que utilizaron no pavimento en Taramundi

é un bo exemplo de como actuar, aínda que Patrimonio pode chegar a limitar o uso de certos materiais nas zonas históricas.

“Pero non é escusa, hai prazas nas que o chan é 100 % de lousa, pasan camiións de subministro e non pasou nada”. Uns problemas que si se sucederon nos firmes da rúa San Marcos, nos que se abordaron varios procesos de reparación polo paso de

vehículos durante as obras. Para este experto o ideal sería cambiar disposición do paramento para redirixir a vista cara aos monumentos e darlle un sentido ao solo. “Queda ridículo que o chan sexa unha lousa cadrada sen graza, cando tes unha igrexa cunha fachada barroca, con moito detalle e rocambolésca e que chama moito a atención”.

ZONAS AXARDINADAS

O plan de renaturalizar o casco histórico pretende traer máis sombras e bancos. Deste xeito, proxectábase cambiar os xardíns destes espazos, con céspede e terra, pola colocación de árbores, arbustos e outras plantas de xeito illado ou en xardineiras, aumentando así a superficie pavimentada. A configuración das zonas verdes coas que se evitan as illas de calor e tamén se reducen os posibles danos en mo-

mentos de choivas intensas é precisamente outro dos focos de maior discrepancia. Moitos lucenses manifestaron a súa preocupación tras a corta de once exemplares fronte ao Xoán Montes para seren substituídos por outros novos ou pola eliminación das roseiras e do pequeno xardín fronte ao cuartel de San Fernando.

“Ademais das que se cortaron, como o teixo que tiñamos, que non daba sombra pero era unha maravilla coa súa forma de cúpula, os exemplares que se poñen inflúe. Porque podes poñer un bidueiro, pero pónense árbores coma eu chamo de infografía”, engade o deseñador. Dende a Asociación de Veciños Centro de Lugo pedían que se mantivera e “mesmo se ampliara a zona axardinada, que se conservaran árbores de porte para que dean sombra e que se suprimise o carril de tránsito previsto



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

fronte ao Convento". Segundo as últimas modificacións do plan en Santo Domingo, onde se proxectan 840 m² de zonas verdes —155 m² máis que na actualidade—, instalárase un novo quiosco e manteranse as camelias.

Na zona verde inicial e na nova creárase un xardín con céspede e flores elevado para conseguir "unha maior harmonización e inclusión aplicando ao urbanismo criterios de perspectiva de xénero que contribúan a eliminar zonas escuras", relatou a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos. Uns cambios que chegan despois dun proxecto "inicialmente nefasto para a cidade", lamentaban dende o colectivo de veciños, pois "eliminábase practicamente toda a zona axardinada, quedaba a praza sen fonte despois de mantela dende hai 170 anos ata a actualidade e duplicaban as zonas de tránsito dos vehículos".

Eliminar un carga/descarga proxectado fronte a un local comunitario, o traslado do aparcabici fronte á porta do colexio na Praza do Ferrol a unha zona menos perigosa, manter a fonte de San Fernando na súa localización orixinal e un xardín arredor dela, que foi a única demanda non aceptada porque "o anterior interventor non o considerou tecnicamente xustificable e podía comprometer os fondos europeos", completaban as súas reclamacións. A asociación, que acumula meses de traballo e decenas de reunións, pide máis respecto por parte do Concello ao seu labor, grazas ao que, recalcan, "tivo a oportunidade de rectificar e modificar" o proxecto, aínda que están satisfeitos co exposto no borrador. A Asociación de Empresarios Lugo Monumental valora como acertadas as mudanzas e propoñen que o tráfico rodado que se dirixe á contorna de Armañá acceda por Santo Domingo para "non comprometer o carácter peonal de Quiroga Ballesteros" e que se estude a localización dunha parada de autobús



para facilitar a comunicación do casco histórico. Tamén solicitan que o pavimento que se instale, polo menos desde o acceso da rúa do hospital á parte superior praza, incluíndo a contorna da Aguia, "soporte o tráfico rodado para non comprometer futuras decisións sobre o seu uso".

MOBILIARIO URBANO

Por outra banda, o plan terá como resultado un maior número de mobiliario urbano, cun incremento de papeleiras e bancos, aínda que tampouco está exento de lamen-

tos. Algúns usuarios criticaron o deseño destes últimos en lugares coma Quiroga Ballesteros ou na Praza Ferrol, onde inicialmente carecían de respaldo. "Pedimos que se mudaran os bancos proxectados sen respaldo ou con el simétrico na súa maioría con respaldo, cómodos e funcionais", trasladan dende a asociación veciñal do centro, unha queixa que finalmente foi atendida polo Goberno local, que os substituíu e lles permitiu intervir na súa colocación.

"Deixaron que se puxeran máis ou menos onde os veciños quixemos, porque temos técnicos que miraron onde estaban as sombras e



onde estorbaban menos. Todas as nosas peticións están xustificadas, documentadas e son coherentes e positivas para a cidade". Pola súa parte, Tort cuestiona o aspecto funcional do novo mobiliario urbano e como este se integra no espazo. "Podo entender a intención de mellorar o centro pero bastantes bancos da praza de Ferrol, independentemente de que encaixen mellor ou peor, están torcidos, porque non nivelaron o solo e algúns están en costa entón sentas e vante para un lado. A min parécenme cómodos os máis clásicos, os de toda a vida, como os que había en Rosalía, e asócianse máis ao casco

histórico dunha cidade". O deseñador, que se considera un amante da vangarda e do minimalismo, asegura que se trata dun deseño visualmente agresivo. "Non o termino de ver para o casco histórico, máis aló de que sexa cómodo ou non". E lembra a importancia de coñecer ben o espazo no que se intervén. "Non creo que sexa lóxico utilizar unha base dun banco dun material de aceiro corten, como o que se usou na praza de Abastos. Cando non tes en conta o material co que choca pasa o mesmo que ocorre cos farois do paseo da Coruña que oxidan e parece que están cheos de lixo".



C-27-001389

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón
para sonreír

Ronda Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Convocan a 22ª edición do certame de pintura rápida ao aire libre

Convocan a 22ª edición do certame de pintura rápida ao aire libre Cidade de Lugo, que este ano se celebrará o domingo 14 de xullo. No certame poderán participar artistas maiores de 18 anos, cunha única obra, que non se poderá asinar ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado, que estará composto por profesionais.

“O estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión”, afirmou Maite Ferreiro. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. As inscricións realizaranse o día do certame, no momento de selado do soporte, entre as 09.00 e as 11.00 horas nas oficinas da área de Cultura para ser selado.

As obras presentaranse entre as 16.00 e as 17.00 horas na Praza Maior, onde se coñecerá o ditame

do xurado ás 18.00 horas. A partir dese momento, e ata as 20.00, farase unha exposición con todas as obras. Ao remate, as autoras e autores non premiadas poderán facerse cargo das súas obras. Cada participante terá que traer consigo o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se exporá a súa obra.

O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm O importe total dos premios é de 5.550 euros, cun primeiro premio dotado con 1.600 euros, un segundo con 1.100 e un terceiro, con 900. A maiores entregaranse 5 accésits de 300 euros e un premio especial ao artista local, nacido ou residente en Lugo, de 450 euros. Ademais todas as persoas galardoadas recibirán un diploma acreditativo.

Lugo comeza a preparar o San Froilán de outubro de 2024

A Comisión de Festas reuniuse para comezar a traballar na organización das festas do San Froilán. Segundo explicou Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, “desde a área de Cultura comezamos a traballar xa na edición 2024 do San Froilán, que un ano máis volverá encher de actividades as rúas de Lugo cun programa pensado para que todas as persoas atopen pasatempos do seu gusto”.

Ferreiro anunciou que unha vez rematado o prazo para presentar carteis, o xurado do concurso reunirase nos vindeiros días para escoller entre 40 propostas para as festas e unha proposta para o San Froilán Miúdo. “Estamos avanzando xa nos distintos pregos das festas, como son as casetas, a colocación do recinto feiral e a produción dos escenarios, que anunciaremos nos vindeiros días”. A concelleira de Cultura presentou os avances realizados á Comisión de Festas, que está composta por 8



integrantes: 3 en representación do grupo municipal Socialista, 4 do Popular e 2 do BNG, xunto co xefe de Servizo de Cultura, que actúa como secretario da Comisión.

“Distintas cuestións relacionadas coa organización das festas están xa avanzadas e abertas, como os prazos para participar na feira Gastroarte e para a instalación de 17 postos durante as festas de San Froilán no recinto feiral”, en Rodríguez Mourelo para stands de venda e en García Por-

tela para xogos de habilidade. A área de Cultura prorrogará os contratos das casetas e caldeiros de polbo e mantén aberto o prazo de licitación para a instalación da caseta e caldeiro nº 2 durante as festas neste ano 2024, explicou Maite Ferreiro.

A Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, criticou que a Xunta de Galicia invista “máis de dous millóns de euros nun macrofestival e deixe sen cartos á gran festa do outono galego”.

Unha alumna do CPR Cervantes gaña a fase galega do certame Que é un rei para ti?

O director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, xunto coa coordinadora de Programas da Fundación Institucional Española (FIES), Victoria Revilla participou no acto no que se deu a coñecer o nome do gañador da fase autonómica da 43ª edición do concurso Que é un rei para ti?.

Abril Castro Purriño, alumna de 6º de Primaria do colexio CPR Cervantes, resultou gañadora en Galicia deste certame polo seu traballo *O carrusel de España*, amosa todas as comunidades autónomas movéndose e xirando de xeito harmónico nun tío vivo encabezado polo monarca. A alumna vencedora asistirá a unha audiencia co rei Felipe VI e realizará unha visita ao Palacio Real.

En total tomaron parte da fase galega 1.218 traballos realizados procedentes de 109 centros educativos. O obxectivo do concurso é fomentar nos nenos e nenas de 8 a 13 anos unha primeira toma de contacto coa figura do monarca, coa historia da Coroa e o seu papel na sociedade actual. Pode participar nel todo o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, e de 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria



Abre ao público a cociña do Museo Provincial

A cociña do Museo Provincial abriu ao público tras as obras de rehabilitación que se levaron a cabo neste espazo, unha das dependencias do antigo convento de San Francisco que se conversan no museo, xunto co claustro e o refectorio.

A actuación centrouse na renovación do lousado e da estrutura de madeira da cuberta para eliminar as pingueiras e humidades que afectaban ao local en episodios de choiva forte. Tamén se limparon as paredes e se renovou a museografía, reorganizando a disposición das pezas que acolle a sala, fundamentalmente mobiliario, pezas de vaixela e útiles para almacenar e elaborar os alimentos, propios

dunha cociña galega dende o século XVIII ata a primeira metade do século XX.

O Museo expón tamén unha singular peza de cerámica de Samos de 1706, coñecida como a *ámboa dos anxos*. Trátase dunha peza de especial valor patrimonial pola súa antigüidade, conservación e decoración, na que destacan catro anxos cuxas cabezas, realizadas con molde, que sobresaen entre grandes ás executadas por medio de incisións.

Ademais, o Museo recibiu 1.638 visitas na primeira semana de exposición da obra *Sibila* de Velázquez. Delas, 1.273 co propósito de ver o cadro que se expón ata o 7 de xullo.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Terra Nova, a orquestra que lle dá unha volta ao clásico e “pon en valor a cultura lucense”

A formación, que suma 80 membros, pretende achegar “a música académica ao público xeral”

Lucía Blanco

Fai case dous anos a cidade viu nacer a Terra Nova, unha orquestra instrumental que pretendía darlle unha volta ao clásico. “Nace por unha iniciativa persoal de poñer en valor a cultura lucense e de ofrecer un actor máis ó tecido cultural da cidade, achegando a música académica ó público xeral”, conta o seu director, Nicolás Ravelli Barreiro (Buenos Aires, 1991). Coa súa formación, que arrancou cuns 14 membros e suma xa 80 músicos de entre 15 e 35 anos, este arxentino afinado en Lugo ofrece a instrumentistas novos a capacidade de ter unha práctica orquestral previa á vida profesional.

Tocan dende o violín, a viola, o chelo, o fagot, o clarinete, a trompeta, toda a percusión ou a arpa e diferéncianse non só o repertorio elixido, senón polo xeito de presentar as pezas ao público. “Sempre tentamos achegalo para que poida ser desfrutado por todo o mundo, independentemente do grao de formación ou da idade”. Baixo esta premisa prepararon



unha das súas últimas actuacións no Círculo das Artes, onde ofreceron unha versión de La Meiga en dobre función.

“Queremos achegarnos a un dos fitos da zarzuela galega que, sen saber o porqué, caeu no esquecemento”. A música é dunha calidade e profundidade poucas veces vista e cun profundo en-

tendemento e coñecemento da tradición galega, “que se fusiona maxistralmente con sonoridades veristas do máis puro estilo europeo”. Ademais, Ravelli destaca o gran traballo de adaptación e posta en escena que fixo o Colexio Fingoi ao “achegar a historia ós nosos días e facela atractiva para todos”.

O director anima a todos a desfrutar da música académica que, “a pesar de todos os mitos que hai ó seu redor, segue a ser unha arte viva, actual e con moitísimo para ofrecer”. Este concerto súmase a unha curta pero intensa traxectoria da que fan un balance máis que positivo. “Con moitísimo orgullo e traballo mantivemos esta formación, que é a promesa cultural desta cidade, viva, vixente e en pleno desenvolvemento artístico, a pesar da falta de recursos tanto técnicos como económicos cos que contamos”.

Como obxectivos márcanse seguir medrando e demostrando que “a arte é para todos e que dignifica”. Son o claro exemplo de que o relevo xeracional no clásico está máis que asegurado e queren continuar achegando “unha mirada diferente no quefacer artístico, poder suplir todas as deficiencias loxísticas e económicas coas que contamos e establecernos como un polo de referencia a nivel orquestral, porque a nosa cidade ben o merece”, conclúe Ravelli.

O Arquivo Provincial presenta dúas imaxes inéditas do fotógrafo Juan José Vivancos

O Arquivo Histórico Provincial amplía a serie Documentos singulares presentando dúas imaxes de monumentos da Ulloa do fondo que custodiaba do fotógrafo Juan José Vivancos. As imaxes seleccionadas son fotografías en branco e negro da Igrexa de Vilar de Donas e o Castelo de Pambre, sen datar. O Arquivo Histórico Provincial garda 19.226 fotos realizadas por Juan José entre os anos 1942 e 1977, coa extraordinaria calidade e sensibilidade dun verdadeiro artista. Foron adquiridas pola Xunta no 1998 para preservalas como os importantes documentos históricos que son. Segundo expón Antonio López Bodaño, o arquivista encargado de contextualizar a presente edición dos “Documentos singulares”, a súa obra “ademais do seu innegable valor artístico, ten un interese excepcional para o estudo dos costumes, vestimenta, traballo, arquitectura e monumentos, paisaxe, actos culturais e sociais, etc”.

Vivancos Puente naceu en Badalona pero exerceu a súa profesión en Lugo, deixando testemuña gráfica do transcurso da segunda metade do século XX na cidade e na provincia.

A XLVI Semana de Cine recibe máis de 1.500 películas a concurso

A XLVI Semana de Cine de Lugo vaise celebrar do 23 ao 29 do próximo mes de setembro, organizada por Fonmiñá, en colaboración coa Deputación Provincial, Concello de Lugo, Xunta de Galicia e a UNED.

Á convocatoria efectuada pola organización, presentáronse un total de 1.512 películas, entre longametraxes e curtas, procedentes de numerosos países. Delas, 1.305 recibíronse a través de Festhome,

147 por Click for festival, 45 de cine independente e 15 presentadas polas súas produtoras.

De todas elas van ser seleccionadas un total de 146 que formarán parte da programación oficial da Semana. Fonmiñá segue a traballar na organización da Semana para a que, recentemente se asinou na Deputación Provincial o convenio de colaboración entre a Deputada de Cultura e o Presidente de Fonmiñá.

Premio para dúas lucenses no certame de Microrrelatos da RAG

A morte, a violencia de xénero, a tenura, a autopercepción ou a guerra de Gaza son algúns dos temas abordados nos relatos gañadores e finalistas na categoría xuvenil e infantil do VII Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e Puntogal.

A luguesa Mencía Ferreira García foi recoñecida co segundo premio xuvenil con *Piii... piii... piii*, outra perturbadora historia que comparte coa primeira a morte como tema. Apaixonada da lectura, Mencía conta que lle gusta ademais tocar o tamboril e xogar ao bádminton.

Na categoría de adultos, o segundo premio é para Luca Chao (1988), que

xa se fixera co mesmo galardón en 2021, desta volta cun texto titulado *Esperanza* coa guerra como escenario non nomeado.

O texto máis breve dos premiados na categoría de adultos, con 88 palabras, é *Esperanza*, unha reflexión arredor da guerra sen mencionala que lle valeu un novo galardón neste concurso á luguesa Luca Chao, doutora en Ciencias Sociais. O xurado subliñou o “dominio da arte do microrrelato” que se demostra neste conto, no que o título dialoga co texto para lle dar sentido, atrapando a atención de quen o le ata o final.



¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño


“CON POCO HACES MUCHO”

50%
descuento

en todos los
muebles
de la
exposición

Conversa con Marica Campo, escritora lucense en lingua galega

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Este ano, 2024, o Día das Letras Galegas foi dedicado a Luisa Villalta gran amiga de Marica Campo, escritora en lingua galega. Chairega de Honra, María Pilar Campo Domínguez naceu en Val do Mao, no Incio, alá pola década dos corenta.

Onde transcorre a túa nenez?

Pasei os meus primeiros anos no concello do Incio, a dezaseis km de Sarría. É a antesala do Courel, no que coñecín a natureza en estado puro.

A que se dedicaba a túa familia?

Alí o meu avó paterno tiña un negocio no que se vendía de todo, desde alimentación ata roupa, e atendía á veciñanza de trinta km á redonda. Tiña o costume de fiar a todo o mundo. E meu pai, que tiña moitos oficios, a maioría deles exercidos altruistamente, (procurador, poñía inxeccións a quen llo pedía) era mestre de escola. El empezara a carreira de Medicina por non levar a contraria á súa nai, pero cando ela morreu, fíxose mestre.

Por que viñeches para a capital?

O noso traslado a Lugo, cando eu tiña oito anos, foi motivado por escolarizarmos aquí. Eramos oito irmáns, demasiados para estar en internados ou en casa da avoa, así que puxeron piso en Lugo. Pronto viñeron meus pais porque el se xubilou por enfermidade aos 52 anos. O avó xa pechara o negocio, era velliño, e tamén se veu. Este tipo de establecementos onde se vendía de todo xa non tiñan moito sentido co paso do tempo, ao existir outros establecementos para comprar máis próximos.

Onde empezaches a estudar?

Ao chegar a Lugo fun un ano ao co-

lexio da Milagrosa na praza do Ferrol, no que xa estivera interna a miña nai, coincidindo con Enriqueta Otero, por exemplo. Mamá era máis nova. Mais eu non quería ir porque tiña medo a unha profesora, Sor Gloria, unha monxa moi esixente. Despois, tras pasar un ano na casa, fun a Anexa. E logo, aos quince anos, coma un acto de rebeldía, decidín entrar no convento Divino Maestro. Alí permanecín cinco anos, chegando a facer votos temporais.

Despois estudache unha carreira?

Eu fun moi anárquica en todo. Fixen Maxisterio por libre, os tres cursos en dúas convocatorias. Así de rara era eu que na Escola Oficial de Idiomas examineime de toda unha lingua, o galego, nunha soa convocatoria. E aprobei con revólida. Tamén matriculeime en Filosofía e letras na UNED, estudando aquilo que me gustaba. E fixen estudos teolóxicos na Pontificia de Salamanca.

Cando descubraches a literatura?

Desde sempre. Se me preguntan cando empecei a escribir, eu digo que antes de saber escribir. Cando me levaban á cama, querían contarme un conto e eu dicía: "deixa, deixa que che o conto eu". E empezaba co desenrolo da historia e cando chegaba ao nó xa non saía de aí porque non atopaba un desenlace e dicía "este é moi feo, espera que che conto outro". E volvía a tropezar, así ata que quedaba durmida. Ademais na miña familia falábase moito, somos moi faladeiros. A miña nai contaba historias familiares. Liase moitísimo, tanto o meu pai coma a miña nai eran grandes lectores. Tiñamos unha boa biblioteca.

A túa nai traballaba fóra da casa?

Non. Tiña esa cultura que chaman "de adorno", mais movíase en ambientes moi cultos e, por riba, aprendera a coser de xeito autodidáctico, facendo roupa para nós as súas fillas e tamén

ás nenas de Val de Mao. E para aquelas que non podían mercar as teas, ela buscábaas e cosíaaas. Na casa sempre se practicou a solidariedade.

E a poesía, cando apareceu na túa vida?

Meus pais recitaban moita poesía e cantaban cancións populares, por exemplo coa letra de autores coma Curros Enríquez, Rosalía,...

E ti escribiches a letra dalgunha canción de Fuxan Os Ventos?

Si, "Muller", "Quen a soubera cantar", entre outras, e arranxei moitas. E tamén á Quenlla, a Uxía, a Tino Baz e outros.

E o teatro?

Escribín algunhas obras, como "Os Premexentes non pode cos paxaros rebezos", que se editou en 1987, para explicar aos meus alumnos o que era unha ditadura. Outra obra de teatro é "Confusión de María Balteira" (2006), baseada en dous dos relatos de "Confusión e morte de María Balteira" (1997), unha antoloxía de relatos que falan das lendas galegas co seu universo feminino.

E o amor ao galego?

Resulta que cando daba clases en Castro de Rei, os meus alumnos presentaban unha obra de teatro escrita por min en castelán e pareceume tan ridículo xa que estes nenos sempre falaban en galego. E pouco a pouco empecei a cambiar a esta lingua. Nesta época axudoume moito Xosé Manuel Carballo. E o galego fixo o seu labor. E cando fun de mestra a San Cibrao, na costa de Lugo, din clases de galego voluntariamente. Alí tiven moitos alumnos asturianos xa que os seus pais traballaban na fábrica de Alúmina e para acadar que falaran en galego de forma espontánea, todos os anos tiñamos, no mes de maio, unha semana dedicada ao teatro. Gardo con moito agarimo uns programas moi bonitos



Foto: Distrito Xermar

feitos por Isaac Díaz Pardo.

E na túa casa falábase galego?

Meu pai era moi galeguista e tiña un caderno no que anotaba cada nova palabra que escoitaba. Miña nai falaba en castelán. Pero ningún deles nos fixo percibir o galego como algo negativo. Senón todo o contrario. Se á miña nai alguén lle falaba en contra do galego, ela defendíao cos mesmos argumentos que podo facelo eu agora. O caso era que eles non querían que tivéssemos ningún problema na nosa nenez e xuventude xa que vivíamos na época franquista. Date conta de que, aínda que por pouco tempo, meu pai fora "depurado", é dicir, sacado do seu posto de traballo, como moitos outros mestres.

Cando apareceu a narrativa na túa traxectoria literaria?

Animeime a participar en varios certames, gañando algúns, e pouco a pouco fun perdendo o medo a narrar historias.

En que xénero literario te sentes

máis cómoda?

Non sei que dicirche.

Pero ti es moi lírica, non? No San Froilán de 2017, o teu pregón foi en verso.

É certo, até na narrativa busco a beleza. Os meus relatos non son longos, pero moi intensos, como "Memoria para Xoana" (2002), novela curta na que unha violinista cóntalle á súa filla non nacida o pasado familiar e o futuro que desexa para ela.

Cal é o teu referente literario?

Sempre tratei de ter a miña propia voz. Pero gústame moito ler. En castelán, encantábame García Márquez e en galego Rosalía, Curros, os clásicos en xeral. Galicia está na elite da poesía mundial.

O pasado dezasete de maio foi dedicado a túa amiga Luísa Villalta, que- res dicir algo dela?

Que foi unha gran persoa e que nunca tomou a palabra en vano. Cando falaba, facíao de xeito fondo e nada superficial.

TE AYUDAMOS A CUIDAR TU SALUD

En Verxel Herbolario te ofrecemos tratamientos y productos de alta calidad que contribuyen a mejorar la salud. El objetivo de los dispositivos Bemer es aumentar la restricción de los vasos sanguíneos arteriales precapilares pequeños y muy pequeños. El resultado es una mejor distribución de la sangre en la red capilar. Bemmer es una aplicación capaz de ejercer un efecto controlado y específico sobre los vasos sanguíneos o partes del sistema vascular.



El efecto no se consigue con una sustancia química o biológica, sino con un método físico. Bemmer utiliza un campo magnético pulsado para introducir una configuración de señal especial y patentada en el cuerpo del usuario con el fin de mejorar un riego sanguíneo deficiente de los vasos pequeños y los microvasos. El efecto de los dispositivos BEMER está científicamente probado.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77

CAMPAMENTO DE VERANO URBANO DE 7 A 12 AÑOS

!!!POR TAN SOLO 50€/SEMANA!!!

JUNIO / JULIO / AGOSTO BILINGÜE INGLÉS - FRANCÉS

Comeza o procedemento para declarar BIC a Ofrenda do Reino

Iníciase o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural do Patrimonio Inmaterial a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento. O edil de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, mostrou a súa satisfacción polo anuncio no DOG da incoación do expediente para poder declarar a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia como BIC. "Aínda que esta posible declaración atópase nunha fase aínda inicial, as súas implicacións para a conservación deste ritual son efectivas desde hoxe mesmo, xa que ata o fallo final por parte da Xunta, de momento, o seu nivel de protección é igual ao da declaración definitiva. Por tanto, congratulámonos do traballo levado a cabo desde o Bispado en colaboración co Concello de Lugo para lograr este obxectivo", sinalou o edil. Este recoñecemento súmase aos tres patrimonios da humanidade que ten Lugo e que supoñen un orgullo para toda a cidadanía. Alcanzar



esta catalogación supón sobre todo preservar o futuro dunha celebración única que leva desenvolvéndose na cidade desde 1669, pero ten máis implicacións para Lugo e para os seus veciños e veciñas. "Desde o Goberno local esperamos capitalizar este patrimonio inmaterial para profundar na nosa estratexia de consolidar ao noso municipio como un referente turístico a nivel peninsular pola súa riqueza histórica e patrimonial", apuntou Repetto.

En febreiro de 2020, a corporación aprobou, apoiando ao Bispado, instar o Goberno autonómico a que a Ofrenda fose declarada BIC. "Catro anos despois por fin móvese ficha por parte da Xunta. Xa era hora", explicou o concelleiro. Mostrouse moi crítico coa actitude da portavoz do PP, que no pleno de maio, asegura, "tentou adjudicarse todo este traballo ao presentar unha proposición neste sentido cando xa era coñecedora do acordo da corporación".

Poñen de actualidade o proxecto do Museo da Romanización

Dende Galicia Baleira piden retomar a proposta de construción no Cuartel de San Fernando do Museo da Romanización. Galicia Baleira é unha organización que representa o interior de Galicia co obxectivo de facer propostas para dinamizar a actividade económica e social ou aumentar poboación. Defenden que o Museo da Romanización en Lugo sería para todo o noroeste peninsular unha grande oportunidade de recrear o noso pasado romano, xuntar distintos acha-

dos arqueolóxicos e catalogalos, así como converter a Lugo nun referente turístico de primeira orde, tanto para turistas como para investigadores históricos. Ademais, apóianse no gran apoio que provoca entre a sociedade lucense. Lembran que hai uns anos a Xunta de Galicia anunciaba a posibilidade de dispoñer de 12 millóns de euros se alí se instalaba un parador. Esta proposta "disparatada non ten o respaldo social da cidade e a provincia". Pero, preguntábase onde

están os 12 millóns que se comprometeron para o parador e se se poden destinar ao Museo da Romanización. Insisten na importancia turística, económica, social e arqueolóxica do futuro Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando. "É algo que se nos prometeu aos lucenses e incumpríuse por parte da Xunta de Galicia de forma reiterada". Dende o colectivo queren coñecer cal é a proposta do PP e da Xunta con respecto ao cuartel.

Toño Núñez presenta a súa obra 'Mea culpa'



Jessica Fernández

Arredor de 100 persoas ateigaron o salón de actos do IES Lucus Augusti, de Lugo, na presentación do libro *Mea culpa*, do escritor de Navia de Suarna Toño Núñez. Durante o evento o autor estivo acompañado polo poeta e editor, Xulio Valcárcel, e polo crítico literario e autor do epílogo do libro de Núñez, Armando Requeixo, que presentaron ao autor como un "escritor cunha literatura madura", xa que ademais o seu libro é unha composición de 33 relatos cos que Toño Núñez recolle toda a súa vida (arredor de 40 anos) dedicada á literatura e co gallo do seu 65 aniversario. Concretamente, Armando Requeixo sostivo que Toño Núñez na súa recente obra segue os 10 mandamentos literarios comezando por "Amarás a boa literatura sobre todas as cousas, xa que é un excelente narrador, poeta e escritor infantil". Non tomarás a boa literatura en van, xa que expresa no seu libro a matriz da nosa esencia e recolle o memorialismo rural e a escrita idílica da xuventude; Santificarás os bos libros, xa que recolle os 40 anos de Toño sendo escritor;

Honrarás ao pai e a nai, xa que nesta obra fai referencia aos pais da literatura galega, facendo homenaxes a Cunqueiro, Novoneyra, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro... Non matarás, xa que celebra a vida a través da escrita, así como se refire aos afectos e ás ausencias, ás traxedias... Non cometerás actos impuros, xa que os diálogos son verosímiles, todo ten un sentido, e é unha literatura pura. Non roubarás, xa que non oculta os diálogos interliterarios, cita as voces que lle serven de guía e as enzalza. Non darás falso testemuño nin mentirás, xa que é unha literatura auténtica, incluso autobiográfica, aínda que maquillada. Non consentirás desexos nin actos impuros, xa que é unha escrita social comprometida co seu tempo; é un militante da xustiza social. Non cobizarás os bens alleos, xa que non opaca a ninguén, é unha persoa que fai por convivir neste complexo mundo literario". Pola súa parte, un Toño Núñez visiblemente emocionado, deu as grazas a todas as persoas que encheron o salón de actos.

PIZARRAS HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



O Arde Lucus consolida a proxección internacional

O Arde Lucus consolida a súa proxección internacional cunha masiva afluencia de público e unha crecente participación de colectivos de recreación histórica na súa XXIII edición. No seu segundo ano como festa de Interese Turístico Internacional, a cita "consolida a súa proxección máis aló das nosas fronteiras. Aqueles que tiveron a oportunidade de pasear polas rúas da cidade durante esta fin de semana puideron comprobar a afluencia masiva de público, que gozou coas máis de 300 actividades programadas", sinalou a rexedora.

De feito, ao longo da celebración repartíronse 3.000 programas da festa en Inglés e 12.000 en castelán, cifras que igualan os 15.000 distribuídos

en galego, fito que constata unha crecente afluencia de público procedente de fóra de Galicia. Non en balde, a ocupación hostaleira na cidade foi dun 100% e estímase unha participación superior ás 200.000 persoas no evento.

Pola súa banda, o retorno económico da festa de recreación histórica supuxo un impulso para sectores como o hostaleiro, o comercio local, a distribución alimentaria ou os transportes persoais. En canto á hostalería o colectivo provincial indicou que a ocupación foi próxima ao 100% o sábado e moi alta nas xornadas do venres, a pesar de ser día laborable, e o domingo, cando a climatología non acompañou.

Denuncian a eliminación dunha praza de portugués na EOI

A responsable de Relacións Exteriores e Lusofonía do BNG, Iria Taibo, denuncia a eliminación dunha das tres prazas de profesorado de portugués que dispón na actualidade a Escola Oficial de Idiomas de Lugo. A decisión vai en contra dun dos principais obxectivos da Lei Paz-Andrade, o fomento da aprendizaxe da lingua portuguesa en Galiza, advertiu. Para Taibo, esta supresión "resulta incomprendible" porque as cifras de matrícula de portugués "parecen estar relativamente estables, con entre 80 e 100 alumnos nos últimos cinco anos". Ademais, a praza en cuestión "está consolidada, xa que foi ocupa-

da por un profesor interino durante 14 anos" e formou parte en 2023 do Concurso de Estabilización polo que estaría dispoñible na convocatoria de traslados do vindeiro curso".

Nas oposicións para 2024 inclúense catro prazas de portugués para Escolas Oficiais de Idiomas, polo que "non parece que corresponda eliminar prazas, senón máis ben todo o contrario", apuntou.

A deputada nacionalista denuncia ademais que outros departamentos cun número de alumnado significativamente inferior, como é o caso de alemán ou italiano, "non van sufrir a redución de profesorado". Neste

senso, sinala que, ao non abrirse aínda a matrícula para 2024, "non é posible ter unha previsión do aumento ou diminución do número de alumnos e alumnas".

Taibo lémbrralle o Goberno do PP que en diferentes ocasións ten manifestado o seu apoio aos obxectivos da Lei Paz-Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento galego en 2014. Tamén lle recorda que se vén de debater no Pleno do Parlamento galego o cumprimento desta Lei, e que "dous membros do Goberno Galego afirmaron estar de acordo cos seus obxectivos, comprometéndose a cumprila".

Aprobados de despacho

O PUPITRE



Julio Díaz

“Son profesora de segundo de bacharelato nun instituto galego. Todos os anos temos no centro reclamacións de alumnos aos que lles quedan pendente algunhas materias, cuxo último obxectivo é velas aprobadas nun despacho da Administración Educativa”.

Podería ser a "canción do verán", que todos os finais de curso vivimos os docentes nas nosas carnes; agravado nos últimos tempos por un perfeccionamento en ditas reclamacións que, a maioría das veces, veñen redactadas por avogados ou asesorías xurídicas con fundamentacións que xa nos gustaría a nos puxese a Administración Educativa nos litixios profesionais que temos no exercicio da nosa profesión.

A algún lector do meu "pupitre" soaralle esta queixa docente que xa foi froito fai uns anos da miña reflexión e que hoxe recupero ante a proliferación de ditas reclamacións.

Cada alumno aprobado nun despacho sen merecelo supón un docente desautorizado, un Departamento menosprezado e un Claustro desprestixiado.

Por desgraza e cada vez con máis frecuencia, esta forma de desautorizar a un profesor, a un Departamento e a todo o Claustro de profesores desde un despacho non son casos que ocorran illadamente, senón unha tendencia iniciada hai varios anos e que non deixou de potenciarse e estenderse grazas ao boca a boca de determinados proxenitores que alardean da "fazaña". A marabunta normativa e máis

aínda a falta de claridade e concreción da mesma respecto á avaliación do rendemento académico serven para que a Administración Educativa mellore nun despacho as notas asignadas polos docentes aos seus alumnos. Non importa o que o raparigo escriba no exame, agárranse ao que sexa: falta de criterios claros e concisos, mala ponderación, escasa ou falta de publicidade do proceso, descoñecemento do alumnado ignorando a nosa administración que a ningún de nós nos agrada suspender aos nosos alumnos, xa que no fondo non deixa de ser un fracaso no noso traballo, pero de todos é coñecido que temos alumnos nas nosas aulas que non saben facer un O cun canudo e non está nada ben que os nosos superiores sen ter en conta as probas realizadas polo alumno, nin o seu traballo ao longo do curso, busquen defectos burocráticos para xustificar unha corrección das súas cualificacións. Non debería ser unha cuestión de papeis, debe cingirse a se o alumno sabe ou non sabe.

Se un alumno presenta unha reclamación da súa nota, o departamento desa materia debe reunirse e analizar o traballo realizado por el decidindo se a cualificación outorgada debe ou non modificarse, sendo o normal que a nota se manteña, xa que o 95% das protestas carecen de fundamento e a maioría delas son unha falta grave á dignidade dun profesional; a algún proxenitor teríase que caer a cara de vergoña por promover determinadas reclamacións.

Ocorre nos últimos tempos que moitos pais profesionalizáronse, coma se de empresas de reclamación de multas se tratase, en solicitar a re-

visión das cualificacións dos seus rapaces, escudriñando as normas ao límite legal, sen darse conta que a nota que a Administración regala ao seu fillo é un dardo envelenado que inculca unha mala lección con consecuencias negativas para o seu futuro académico, profesional e persoal. Este alumno despois de gañar a batalla dáse conta que hai maneiras de prosperar con atallos e trucos que non lle esixen esforzo nin tesón, mentres que os seus compañeiros para conseguir o mesmo tiran de traballo, constancia e tenacidade.

Debemos non só os docentes, senón toda a sociedade esixir á Administración Educativa respecto polo noso traballo e debemos trasladarlles que o profesorado entre tarefas administrativas, xestións e reunións vémonos obrigados, a maioría das veces, a dedicar máis tempo ao estudo de normas absurdas e arbitrarias que a preparar as nosas clases. Os docentes só pedimos iso, poder impartir clases sen interferencias nin presións no noso traballo.

Finalizar pedindo á Administración Educativa que se deben valorar as reclamacións dos nosos alumnos, máis que deles dos seus papás, con criterios académicos e non formais. Que antes de aceptar unha reclamación débese demostrar que se superaron os obxectivos da materia e non centrarse en se faltaba a publicidade dun "criterio", un selo ou un formulario estaba incompleto.

E para os pais unha reflexión: Realmente beneficia aos vosos fillos un aprobado nun despacho? O mellor sería deixarnos aos docentes desempeñar a nosa profesión sen presións e preguntarnos se vale máis unha cualificación numérica ou ver inculcados uns valores morais nos vosos fillos. Aí o deixo!

GALO
¡A DOMICILIO!
982 247 076 **RECATELO Nº1**
¡CON GLOVO Y JUST EAT!





Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo



Queixas dos veciños do Burgo por problemas de seguridade na LU-P-2901

No pleno de decembro de 2018 os tres grupos políticos que formaban esa corporación provincial (PP, PSOE e BNG) aprobaron por unanimidade que a Deputación Provincial de Lugo iniciase, de forma urxente, todas as accións necesarias para poñer en marcha o proxecto de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-2901 dende o P.K. 3,3 ata o 5,4.

O proxecto desta variante iniciouse no ano 2006, unha infraestrutura que melloraría os tempos de percorrido, incrementaría a seguridade viaria e melloraría tamén a calidade de vida dos seus veciños. “Todo o que axude a garantir a seguridade e mellorar calidade de vida dos veciños sempre é benvido”, recordou. Unha actuación “necesaria” e encamiñada a mellorar e garantir a seguridade nesta estrada, concretamente ao seu paso pola parroquia San Vicente de O Burgo un punto no que a diario comparten a vía os condutores e os centos de peregrinos que realizan o Camiño Primitivo. Os deputados provinciais Antonio Ameijide, José Pardo e José María Fernández, acompañados da concelleira en Lugo Flor Rubinos, mantive-

ron unha xuntanza cos veciños desta parroquia, que lles explicaron os problemas diarios que sofren.

Segundo aseguran os propios veciños, “polo momento non pasou nada, pero non estamos libres de que suceda unha desgraza porque son moitos peregrinos e vehículos compartindo unha estrada duns 4 metros de ancho, aproximadamente”. O escaso ancho da vía xera situacións de risco para peóns e condutores. “Son necesarias actuacións que redunden na mellora da seguridade como, por exemplo, a habilitación dunha senda peonil á marxe da estrada pola que poidan transitar os peregrinos e demais peóns de forma que se separe o seu tránsito do tráfico rodado”, sinalou.

Son tan numerosas as situacións de perigo que Antonio Ameijide incide na necesidade de que a Deputación de Lugo dea cumprimento a ese acordo plenario construíndo unha variante da estrada provincial ao seu paso polo núcleo do Burgo, no termo municipal de Lugo, e habilitando unha senda peonil paralela á vía no tramo que coincide co Camiño Primitivo.

Veciñanza de Coeses reclama o traslado da fábrica de metano

A cidade manifestouse en contra do proxecto da fábrica de metano proxectado en Coeses nunha mobilización convocada polas parroquias afectadas que piden unha nova localización que non dane aos núcleos de poboación. O portavoz do BNG e tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado dos seus concelleiros e concelleiras, asistiu á concentración.

Trátase dun “proxecto que producirá rúidos, cheiros e que pode ter influencia na calidade da auga da zona”, afirmou, que engadiu “colaboraremos tamén axudando a presentar alegacións ao proxecto para que as veciñas e veciños poidan amosar o seu rexeitamento”. Pola súa parte, a deputada do BNG no Parlamento Galego, Montserrat Valcárcel, recibiu en Compostela a unha delegación da contorna afectada.

O PP tamén se pronunciou ao respecto e defende a máxima transparencia e información rigorosa sobre o proxecto da planta. Nunha reunión, Elena Candia ofreceu axuda á veciñanza para preparar alegacións individuais e avanzou que “o grupo municipal tamén presentará as súas”



e explicou que no vindeiro pleno do Concello defenderán unha iniciativa “para instar ás administracións competentes a estudar as alegacións que se presenten e, conforme a lei, sexan tidas en conta”.

Pola súa parte, Ecoloxistas Galiza Atlántica e Verde manifesta a súa oposición á instalación da planta que estragaría o valioso patrimonio natural e paisaxístico e a calidade de vida que aínda se pode desfrutar nas parroquias da zona. Concretamente en Coeses, Soñar, Piugos, Santa Comba, Conturiz, San Mamede ou Cuiña, onde se trocaría o pequeno paraíso por un territorio insalubre con chei-

ros fedorentos e aire e augas contaminadas.

O proxecto de Coeses é “só o comezo dunha onda á que deben reaccionar os cidadáns responsables. Hai que parar ese dano irreversible por nós, e polos nosos fillos e fillas e polas nosas netas e netos”, sinalan. Piden renaturalizar, descontaminar, restaurar e respectar a Natureza e o Patrimonio Natural, mellorar e non estragar a vida no rural e na cidade. O nivel de contaminación da auga na zona no só non se debe empeorar senón que urxe melloralo, pois xa se atopa en niveis que, de aumentarse, deixarían os pozos sen servizo.

Os empresarios de Estrada de Santiago reclaman melloras na vía

Empresas da Asociación de Empresarios Estrada de Santiago de Lugo, que preside Gerardo Lozano Méndez, dirixíronse recentemente por escrito á Unidade de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) para solicitar a urxente reconsideración das reiteradas demandas dos empresarios da zona en relación á situación da N-540 (Lugo-Santiago).

Máis concretamente, na súa comunicación a Asociación reitera “a necesidade de que se proceda á realización do novo proxecto de sinalización que se está desenvolvendo para a N-540 e téñase en conta a solicitude das empresas situadas nas inmediacións da mesma, no sentido de que se facilite o cambio de sentido no cruce de Esperante (km. 4,800), realizando unha raqueta que o posibilite e aproveitando o espazo que se liberaría ao anular o carril rápido existente agora mesmo”.

O colectivo empresarial subliña que, ao tempo, “podería habilitarse carril de desaceleración para acceder ao devandito cruce en sentido Lugo

e ampliar o existente en dirección Santiago”. Na mesma liña, entenden que “faría moito máis seguro este tramo da vía o incorporar máis carrís de espera que facilitasen o acceso a empresas, pobos e urbanizacións”.

Indica que estas actuacións “suporían soamente modificacións na sinalización horizontal da vía, cun mínimo investimento en tempo” e que, con todo, “mellorarían moito a seguridade deste tramo, no que diariamente se realiza un gran número de accesos e cambios de sentido en condicións serias de perigo”.

A Asociación resalta que xa enviaron escritos en diferentes ocasións respecto desta cuestión, un primeiro xa en 2019, e que froito desas comunicacións se mantiveron encontros cos técnicos da Unidade de Estradas de Lugo, que se comprometeron a valorar estas posibles actuacións e realizar propostas ao respecto, sen que até o momento se avanzase na cuestión.

CONTESTACIÓN. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias,

reuniuse co coronel xefe da Comandancia da Garda Civil de Lugo, Manuel Touceda, para abordar a colaboración entre ambas institucións nun proxecto solidario vencellado ao Camiño Primitivo. Na xuntanza, a segunda que manteñen Arias e Touceda na sede da Xunta desde que este ocupa a xefatura da Comandancia de Lugo, tamén participou o presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo, Ángel Trabada.

Arias destacou a cooperación estreita coas forzas e corpos de seguridade que velan pola protección dos peregrinos e puxo en valor o traballo da Xunta para mellorar os treitos da ruta xacobeá que coinciden con estradas autonómicas, como a recente execución dunha senda peonil de 1,3 quilómetros na LU-530 entre os núcleos de Carballido e Mazoi, no termo municipal de Lugo, cun investimento de 185.000 euros.

Esa actuación desenvólvese no marco do plan de mellora da seguridade en tramos do Camiño de Santiago impulsado pola Xunta.



OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Vicente de Pías

O núcleo conserva un dos mellores exemplos de arquitectura románica de toda a provincia

A pouco máis duns 8 quilómetros de Lugo atópase a parroquia de San Vicente de Pías, nos altos formados polos montes de Pedrouzos, Os Grañedo e A Pantoxa. Limita ao norte co concello de Outeiro de Rei, ao este con Santalla de Mazoi, ao sur con San Lorenzo de Albeiros e Santiago de Meilán e ao oeste con San Xoán de Tirimol e Silvarrei.

Os ríos Araos e o de Porto de Lugo, que desembocan no Miño, atravesan este núcleo poboacional, tradicionalmente dedicado ás actividades gandeiras e agrícolas. Destaca a súa igrexa construída durante a época romana, no século XII, preto do cemiterio parroquial. A pesar de sufrir varias restauracións ao longo dos anos e de que non todos os seus elementos decorativos conseguiron



ron chegar ata os nosos días, a capela situada na aldea de San Vicente goza dun moi bo estado de conservación.

A súa arquitectura e a súa relevancia histórica e cultural convértena nun dos mellores exemplos románicos de toda a provincia. Presenta unha planta rectangular cunha única nave e unha cabeceira semicircular. Un arco de medio punto e un tímpano con relevos decoran a súa fachada principal. Precisamente, un dos elementos que máis chaman a atención é a súa portada, que está decorada con animais e figuras humanas. Entre os últimos traballos realizados no templo, acometeuse a reparación do valioso artesoadado, que mesmo chegou a estar apuntalado, e a restauración



dos importantes retablos. No interior, pódense apreciar arcos faxóns, capiteis decorados e unha pila bautismal tamén de estilo románico, entre outros elementos. Na parroquia, da que forman parte núcleos como A Cortiña, Corral de Abaixo, Fafián ou Os

Campos, tamén se conserva un cruceiro de pedra, que lle dá nome á aldea onde se erixiu. Mentres que en San Vicente atópase un xacemento arqueolóxico, concretamente os restos dun castro, a uns 200 metros da autovía, con defensas duns cinco metros.



**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Establecen o sistema de tramitación das obras en locais municipais

A área de Cohesión Territorial, que dirixe Ana González Abelleira, vén de establecer o sistema de tramitación das obras que os colectivos veciñais solicitan para realizar en equipamentos municipais con financiamento autonómico. “Mantívose unha serie de reunións de traballo entre os distintos departamentos do Concello implicados entre os que se atopan Urbanismo, Patrimonio ou Medio Rural para fixar o procedemento neste tipo de casos. Todo este traballo permitiunos conceder xa os primeiros permisos e establecer un sistema que axilice a tramitación e achegue seguridade xurídica ao procedemento”, sinalou a edil.

Deste xeito, o Goberno local deu

xa luz verde ás obras de mellora da contorna do local social do Burgo, á mellora de eficiencia enerxética e arranxo de xanelas na escola de Pías e a obra de renovación do sistema de climatización e o cambio de carpintería metálica na instalación de Ribas de Miño solicitadas polos colectivos veciñais destas parroquias.

A edil está a aproveitar a rolda de reunións que comezou hai uns meses por todas as parroquias do municipio para proporcionar información a este respecto, xa que a convocatoria establecida polo Goberno Autonómico antes das eleccións municipais realizouse sen ningún tipo de coordinación co Concello.



A asociación veciñal Os Seis Muíños de Lugo mellora o seu local social

A asociación veciñal Os Seis Muíños do concello de Lugo mellora o seu local social situado en Santalla de Lamas. A Xunta achegou 14.500 euros para realizar os traballos. O delegado territorial da Administración autonómica, Javier Arias, comprobou o resultado dos labores, que se levaron a cabo no exterior do recinto.

A actuación consistiu na construción dunha soleira de formigón e na habilitación de dúas prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Arias lembrou que a Xunta colabora coas entidades veciñais e de mulleres rurais para axudarles a levar a cabo melloras nos seus locais sociais e dotalos do equipamento necesario co que realizar a súa actividade.

A actuación consistiu na construción dunha soleira de formigón e na habilitación de dúas prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ORBAZAI



“Reunímonos moito porque somos unha parroquia moi dinámica”

Esta asociación leva máis de tres décadas estimulando a vida cultural

Lucía Blanco

A Asociación de Veciños de Orbazai conta con máis de tres décadas de historia. “Fundouse no 1993, pero os que estamos na directiva levamos pouco. Facemos un pouco de todo, xestionamos os cursos que nos dá o Concello, somos quen organiza, quen abre a casa da escola e quen fai a difusión deles e tamén recolleemos as queixas dos veciños e axudamos”, contan. Actualmente son 306 membros neste colectivo, “porque para ser socios teñen que ter algún vínculo coa parroquia, ter familia, un terreiro ou vivir aquí”.

Como citas fixas apostan polo Entroido, o Magosto, o xantar popular, unha excursión anual e o San Xoán. “E despois o que xorda, ímonos adaptando. Por exemplo, o ano pasado tivemos a presentación do libro das construcións tradicionais na parroquia de Orbazai. Fixemos un acto moi bonito no que tamén actuaron Airiños de Orbazai”. A gran participación dos veciños mantense como unha constante en cada unha das súas propostas. “Agora mesmo a que

menos ten son sobre 100 persoas.

A organización non é fácil e iso que hoxe temos redes e a difusión é máis sinxela, entendemos que fai anos aínda era máis complicado”. Pero se hai unha celebración que non se perdoa na parroquia é a da noite do 23 de xuño. “Este ano o xantar popular tamén gustou moito, pero no San Xoán tivemos que traer mesas ata do Cádavo para sentar a todo o mundo. Fóisenos das mans, estábamos sobre 150 persoas”. Este ano repetiron a comida a base de liscos, sardiñas e salchichas para os máis pequenos nunha xornada na que a música tampouco faltou. En xeral, todas as actividades son unha boa forma de manter os lazos da comunidade: “A verdade é que moitos din que só nos vemos aquí no campo da festa e é certo. Cada un está ao seu, ás veces cruzámonos na estrada e pouco máis”.

As súas iniciativas funcionan como punto de encontro para os máis maiores da zona. “Son tamén unha escusa para que baixen, porque moitos están na casa todo o ano e xúntanse ese día en

concreto”, din. Máis aló da súa aposta cultural, tampouco se esquecen de promover xuntanzas para detectar as necesidades da parroquia. “Cando facemos as asembleas, en principio o problema das fochancas, como pasa con moita xente da cidade, é do que máis nos comentan. Tamén está o tema de que nalgunha zona que aínda faltan os sumidoiros e despois o de sempre, a limpeza das cunetas é o que máis nos transmiten”.

Pero aseguran que se senten escoitados. “A verdade no Concello trátannos moi ben, sobre todo coa concelleira Cristina López temos un trato excelente. Reunímonos con Maite Ferreiro e tamén moi ben porque hai moita comunicación”. Dende a directiva defenden a importancia de grupos coma o seu para que se mantenga “unha liña directa co Concello, é básico, ao final se se perde, anda cada un ao seu”. Un labor que completan co seu calendario de propostas moi necesarias “nun pobo coma Orbazai que non ten bar”, comentan entre risas. Esta variedade de iniciativas asegura o seu futuro grazas á colaboración dos veciños e desta asociación que resiste o paso do tempo e funciona como “un motivo para vernos a miúdo porque somos unha parroquia moi dinámica e vital”.

CLÍNICA DENTAL, ORTODONCIA Y CIRUGÍA MAXILOFACIAL

EQUIPO MÉDICO

Dr. Santiago Pose Rodríguez
Médico Odontólogo Especialista en Prótesis y Oclusión

Dra. Alejandra Boirazian Martino
Odontóloga Especialista en Ortodoncia

Dra. Julieta Pose Boirazian
Odontóloga Especialista en Ortodoncia

Dra. Inés Vázquez Rodríguez
Odontóloga - Cirugía Oral

Dr. Carlos de la Fuente Vázquez
Médico Especialista en Cirugía Oral y Maxilofacial

CITA PREVIA

T. 982 298 406
M. 616 753 014

Consulta en:

QuirónSalud Lugo
Montevideo 23, Lugo



O bus urbano bate récords con preto de 200.000 billetes vendidos

O mes de maio de 2024 foi o mellor mes de maio desde que a área de Mobilidade de Lugo garda rexistros de datos dos usuarios do bus urbano. Así o anunciou o tenente alcalde e responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, que afirmou que “maio bateu o récord con preto de 200.000 billetes expedidos”, e engadiu “a tendencia deste ano continúa a ser superar os rexistros, o que demostra que a reformulación das liñas de transporte urbano está a facer que máis persoas aposten por deixar o coche na casa e desprazarse por Lugo utilizando o bus”.

O mes de maio de 2024 pechou con 193.523 usuarios, sendo o mellor maio da historia, con 20.000 usuarios máis que en maio do ano 2023. Segundo explicou Rubén Arroxo, “neste momento do ano levamos o maior número de viaxeiros da historia no que vai acumulado en 5 meses”. O bus urbano pasou pola maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo

aprobada por unanimidade de todos os grupos da corporación municipal, que permitiu mellorar as conexións da veciñanza coas distintas zonas da cidade.

Coas novas liñas, o HULA gañou conexións con Fontiñas, a zona sur da cidade e a avenida das Américas, que co modelo antigo non tiñan transporte directo. As transformación do modelo de bus urbano conectou de xeito directo o hospital coas zonas de Fingoi, Magoi, Sagrado Corazón, as Gándaras, Avenida das Américas, Fontiñas, Fonte dos Ranchos, a Abeila e Garabolos, mellorando tamén as frecuencias coa zona centro. Os barrios aumentaron as frecuencias de conexión co centro da cidade, pasando da hora entre cada volta a 30 minutos de frecuencia.

Nos polígonos do Ceao e das Gándaras aumentáronse tamén as conexións, quedando ambas áreas industriais co barrio de Fontiñas e o sur da cidade, cun total de seis liñas que entre os seus percorridos inclúen a unha das zonas industriais

e dúas que pasan por ambas, unindo as áreas industriais de xeito directo con zonas como Fingoi, o Campus Universitario, Fontiñas, Magoi, Avenida das Américas e coa zona centro, pasando moitas destas liñas pola Ronda da Muralla.

PREZOS REDUCIDOS. “Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “coa Tarxeta Cidadá, o prezo do bus urbano redúcese ata nun 50 %”. O Tenente Alcalde anunciou que “máis de 30.000 persoas teñen xa a súa tarxeta cidadá e desfrutan de todas as vantaxes que supón este sistema”. Pagando con tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64 euros a 0.45, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31 euros no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida, con transbordos gratuítos en todas as situacións.

O Goberno local adianta dúas horas o horario de peche das discotecas

O Goberno Municipal vén de autorizar a modificación e redución do horario xeral de peche dos locais con licenza de discoteca. O tenente alcalde e responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, explica que “deberán adiantar o horario de peche das 6:00 horas ás 4:00 horas todos os establecementos abertos ao público con licenza de discoteca localizados en áreas residenciais ou saturadas da cidade de Lugo”.

A medida, insiste o Tenente Alcalde, xurde a raíz das numerosas denuncias veciñais derivadas do funcionamento da actividade de discoteca en zonas residenciais da cidade polo que, tendo en conta a potestade dos concellos para intervir na regulación dos horarios,

considerouse oportuno acordar unha redución do horario xeral de peche desta categoría de establecementos “coa fin de conciliar o ocio nocturno co dereito ó descanso dos residentes”, argumenta Rubén Arroxo.

As causas de redución de horario son a localización dos establecementos en áreas e zonas de alta concentración dos mesmos, delimitadas con zonas residenciais, medioambientais protexidas ou saturadas, nas que a actividade que nelas se desenvolve impide o correcto descanso da veciñanza. Porén, esta modificación non afectará ás discotecas situadas fóra das zonas de residencia como as localizadas nos polígonos industriais.

SUBDELEGACIÓN DE GOBERNO



A subdelegación do Goberno en Lugo celebrou unha xornada de portas abertas con motivo da semana da Administración Aberta, unha iniciativa que ten como finalidade achegar as administracións públicas á cidadanía baseándose nos principios do Goberno aberto: transparencia, rendición de contas, participación cidadá, integridade pública e colaboración.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com



Actualizan o contido das pantallas interactivas

Xa están actualizados os contidos das pantallas dixitais interactivas situadas no exterior do edificio de Novas Tecnoloxías, na Praza Anxo Fernández Gómez. Aproveitouse para iso a celebración do Arde Lucus. Nos dispositivos tamén figura información sobre a hostalería e o comercio lucense co obxectivo de que o visitantes acceda a través destes soportes a información comercial e de interese dun xeito áxil e interactivo.

O novos contidos foron desenvolvidos polo alumnado e profesorado do obradoiro de emprego e formación ArquivLugo, que se está a desenvolver no CEI Nodus e no que están a participar 20 persoas que se atopaban en situación de desemprego. Os dispositivos ademais de información comercial e gastronómica, ofrecen tamén contidos de interese para os cidadáns.

Lugo, cuarta cidade galega que supera os 100.000 habitantes

O Concello de Lugo supera os 100.000 habitantes. Segundo os datos do Padrón Municipal, a cidade conta con 100.060 habitantes, superando a barreira dos 100.000, despois de pechase o dato oficial de poboación en 98.214 a 1 de xaneiro de 2023. Convértese, deste xeito, na cuarta urbe galega en dar este paso, despois de Vigo, A Coruña e Ourense.

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos e o tenente alcalde, Rubén Arroxo, compareceron en rolda de prensa para anunciar que a cidade chega a este marca tras rexistrar un aumento de 1.500 habitantes no último ano. "Hoxe é un día histórico para Lugo. Este logro non só é un fito demográfico, senón un claro sinal do éxito das nosas políticas e da forza e determinación de todos os que formamos esta comunidade", sina-

lou Alvarellos. Tras este obxectivo, polo que as forzas progresistas que formamos o Goberno local levamos anos traballando, existe unha aposta clara por construír unha cidade de oportunidades, que ofrezca a posibilidade de desenvolver tanto un proxecto persoal como profesional. Lugo é a día de hoxe un destino atractivo para vivir", proseguíu a rexedora quen destacou a importancia das políticas implementadas polo Goberno local para crecer en poboación.

"Todo este traballo no eido urbanístico, medioambiental, económico, social e administrativo non só está a mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns, senón que tamén fixeron de Lugo un destino atractivo para novos residentes e investidores", concluíu. Rubén Arroxo, responsable da Tenencia de Alcaldía e

concelleiro área de Mobilidade do Concello, afirmou que "no ano 2019 chegabamos ao goberno co obxectivo de facer de Lugo un lugar mellor no que vivir, e iniciamos o proceso para transformar os espazos públicos e a mobilidade da cidade, avanzando neste obxectivo".

Engadiu "chegamos por fin á meta dos 100.000 habitantes, toca seguir traballando para continuar a mellorar o concello, seguir crescendo e mellorando a cidade". A chegada aos 100.000 habitantes permitirá, segundo explicou Rubén Arroxo, que o Concello de Lugo sexa candidato a un maior financiamento estatal, ao poder optar a fondos pechados a cidades de máis de 100.000 habitantes, e aumenta o interese empresarial da cidade, dado que moitas empresas só se instalan en cidades cuxo padrón supera esta cifra.

EEE SANTA MARÍA



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, fixeron entrega de tres hortos sementeiros adaptados ao Centro de Educación Especial de Santa María. A cesión de uso destes bancais será por seis anos, prorrogables a dez, e servirán para que o centro poida desenvolver un proxecto de horta ecolóxica.



O Campionato de Street Workout Open Galicia celébrase en Lugo

Os estilos urbanos chegan á programación do +XTÍ, a iniciativa impulsada pola área de Xuventude do Concello de Lugo e subvencionada polo Plan Nacional sobre Drogas. As prazas e rúas da cidade acollerán, ao longo do mes de xullo, actividades como *breakdance*, *xaula street freestyle*, *parkour park*, canastra electrónica e o Campionato de Street Workout, Open Galicia +XTÍ.

As actividades, abertas a toda a mocidade "reflicten a noso afán por ofrecer unha alternativa de ocio á xuventude que fomente os hábitos saudables e, ao tempo, axude a previr as drogodependencias", destaca o edil Jorge Bustos. A primeira quenda terá lugar na Praza Anxo Fernández Gómez o xoves 11 de xullo. Unha semana máis tarde, xoves 18, será a Praza do Castiñeiro a que albergue todas estas actividades. O escenario es-

collido para o venres 19 será a Praza de Augas Férreas, mentres que a última parada deste 'tour' urbano terá lugar o mércores 24 de xullo na Praza Agro do Rolo.

A participación nas actividades de todas elas será de balde e horario será de 17.00 a 21.00 horas. Un dos pratos fortes de esta programación será a celebración do Campionato de Street Workout, Open Galicia +XTÍ, que terá como escenario o Parque de Rosalía. Os mellores e as mellores contendentes desta disciplina de adestramento do corpo que se practica habitualmente usualmente practicado na rúa, sobre mobiliario ou elementos da contorna urbana, ou sobre parques ou instalacións específicas para esta práctica medirán as súas forzas o sábado 20 de xullo nunha competición que se estenderá dende as 12.00 horas ata as 21.00 horas.

Lugo estrea un curso de iniciación á hípica

A área de Xuventude abriu as inscricións para unha nova actividade do programa +XTÍ: o curso de Iniciación á Hípica e coidados básicos. A iniciativa impulsada polo Concello de Lugo e subvencionada polo Plan Nacional sobre Drogas ten como obxectivo fomentar os hábitos saudables e a prevención de drogodependencias. As formacións, destinadas exclusivamente a principiantes e noveis, levaranse a cabo no Centro Equestre Lvcus Terra e dividiranse en tres quendas, para as que haberá un total de 15 prazas dispoñibles (5 por grupo). A primeira terá lugar do 8 ao 12 de xullo, a segunda do 15 ao 19, e a última do 22 ao 26. Os horarios de actividade, en todas elas, serán de 10.00 a 13.00 horas.

O programa +XTÍ materializa o compromiso do Executivo de Paula Alvarellos co loita contra as drogadiccións grazas ás actividades e á concienciación, que constitúen unha poderosa ferramenta de prevención. "Non podemos vivir de costas á realidade. Algunhas persoas manteñen un medo reverencial á información sobre as drogas, cando o certo é que supón un recurso necesario para tomar decisións intelixentes, informadas e autónomas, ante calquera desafío", subliña ao respecto Jorge Bustos.

A actividade está dirixida a lucenses de 12 a 17 anos, que só poderán participar nun dos grupos programados. As mozas e mozo admitidos recibirán unha notificación antes do 28 de xuño e deberán presentar unha autorización asinada polos seus pais/nais/titores. As persoas interesadas en participar no curso de iniciación á hípica poderán inscribirse na web.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

Realizan obras para mellorar a accesibilidade do cemiterio

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, lembrou que o Cemiterio Municipal conta con distintas solucións de mobilidade para as persoas con mobilidade reducida. López afirmou que, xunto con distintos accesos adaptados, o Cemiteiro conta cunha serie de cadeiras de rodas “para facilitar a mobilidade ás persoas que non poden camiñar longas distancias”.

As persoas interesadas en utilizar as cadeiras de rodas do Cemiterio Municipal, só terán que solicitálas ao persoal á entrada nas instalacións, e devolvelas á saída da súa visita. Cristina López, afirmou que “seguimos a traballar para garantir a accesibilidade de todas as persoas que visiten o Cemiterio Municipal, tanto para visitar aos seus familiares como para achegarse ás distintas actividades ou ao espazo expositivo Memoria Viva do Cemiterio Municipal”.

A exposición é unha clara aposta “pola recuperación da memoria



histórica da cidade a través dunha mirada que visibilice as prácticas funerarias, desde a época romana ata a actualidade”, e engadiu que supón tamén “recuperar a imaxe do antigo Cemiterio Xeral de Magoi, cuxa clausura e derribo supuxo unha lagoa importante na memoria colectiva”.

O Goberno de Lugo continúa a facer importantes esforzos para a mellora do Cemiterio, como a renovación da porta automática no acceso lateral, comunicando coa zona nova do Ce-

miterio, onde nos últimos anos se realizou unha ampliación para garantir a dispoñibilidade de espazo. Con esta mellora, a Tenencia de Alcaldía continúa a mellora das instalacións do Cemiterio Municipal.

A edil de Participación animou a toda a veciñanza a visitar o Cemiterio de San Froilán, e a desfrutar “das distintas actividades que se organizan, como as visitas nocturnas ou as outras culturais organizadas durante todo o ano.

O Club Fluvial abre as inscricións para os campamentos

O Club Fluvial abre as inscricións para os campamentos de verán e gozar das instalacións con actividades ao aire libre. Programan deste xeito un campus de verán bilingüe e campamento multideportivo para nenos e nenas de 5 a 14 anos. Nel traballaranse disciplinas como tenis, fútbol, baloncesto, atletismo ou piragüismo, entre outros. Organízase por semanas ata o 16 de agosto. A entrada será ás 9.00 horas e as saídas ás 14.00 ou 15.00 horas en función de se quedan no comedor ou non.

MANIFESTACIÓN



Ducias de persoas secundaron a concentración do SLG-CCLL diante da sede da Tesourería Xeral da Seguridade Social para esixir o cese dos sobrecargos económicos ás labregas de baixa médica que xa pagaron no seu momento estas cotas a través das súas respectivas mutuas. Representantes do SLG procederon tamén a solicitar unha entrevista ca Tesourería a fin de reiterar os motivos polos cales debe procederse a eliminar estes cobros.

O Concello alíñase contra o abuso na velez

A área de Benestar Social e Maiores do Concello de Lugo adhirose á Declaración de Valladolid contra o abuso e o maltrato ás persoas maiores e en defensa do bo trato, un apoio que se fai en vésperas do día mundial de toma de conciencia contra o abuso e o maltrato na velez, que se celebra o vindeiro 15 de xuño.

Desde este colectivo sinalan que esta realidade oculta e ocultada é unha violación dos dereitos humanos e está declarado pola OMS como un problema de saúde polas súas terribles consecuencias, polo que para a edil de Benestar Social “é moi necesario darlle visibilidade e dar a coñecer os recursos legais e institucionais aos que se pode

acudir no caso de ter constancia destes feitos”. Ademais, Olga López Racamonde recoñece que “no municipio de Lugo temos unha alta porcentaxe de maiores que viven solas, e ao igual que traballamos por un envellecemento activo, temos a obriga de facelo, conxuntamente co resto de institucións, para eliminar o abuso e o maltrato neste colectivo, no que as mulleres maiores, dependentes e que viven solas e con escasos recursos, son as máis afectadas.

Coa adhesión a esta declaración de Valladolid, o Concello de Lugo comprométese a levar a cabo plans específicos, ademais de protocolos de prevención, detección e intervención.

Os veciños da Milagrosa acusan á Xunta de discriminar coas axudas

A Xunta Directiva da Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa denuncia a “discriminación, sectarismo e falta total de colaboración coas actividades” organizadas no barrio por parte da Xunta. Aseguran que solicitaron á Delegación do Goberno autonómico en Lugo, mesmo por escrito, a colaboración para dúas actividades emblemáticas como son os Milagrosistas do Ano e a Feira de Produtos do Campo e Artesanía “nas que adoitaba colaborar a Xunta”, aínda que non foi así este ano.

“Comunicounos que non colaboraría nin achegaría nada. O desprezo,

o desdén e o abandono da Xunta ao noso barrio é máis que evidente”. Aseguran que non acontece noutros puntos de Lugo pois vén como a mesma Delegación da Xunta “é tremendamente magnánima, colaboradora coa comisión de Festas das Gándaras ou da Piringalla colectivos aos que quizais presupón máis dóciles ou manexables que nós”.

A asociación tamén pide que se fagan públicas todas as axudas tramitadas desde a Delegación de Lugo, indicando así mesmo, os criterios de polos que unhas foron aceptadas e outras rexeitadas e os importes das tramitadas.



NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanjá 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición- • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com



¡Somos artesanos!



Pan artesano 100% con masa madre





O PAN DO PAÍS

☎ 982 24 02 35

Lugo aspira a levarse un distintivo Bandeira Verde

Lugo presentou súa candidatura á cuarta edición dos distintivos Bandeira Verde de Galicia, unha iniciativa creada no ano 2020 que busca distinguir aos concellos galegos máis dinámicos no eido medioambiental, desenvolvendo boas prácticas para o coidado da súa contorna, o respecto á paisaxe, a redución das emisións de CO2, ou a redución do consumo enerxético entre outras cuestións.

Deste xeito, a candidatura de Lugo inclúe actuacións xa finalizadas e outras en execución. "Non están todas as que se levaron a cabo, pero si unha gran parte das que amosan o modelo de cidade no que nos estamos a converter con proxectos que nos permiten vivir de xeito máis integrado co Miño (recuperación da Vía XIX, Tanxurela, a senda verde ciclista, rexeneración do Carme, peonalización da calzada da Ponte...), nunha

cidade máis ecolóxica (renaturalización dos espazos e creación de novas áreas verdes), referente no urbanismo sostible (Impulso Verde como edificio emblema e o deseño dos barrios sostibles do futuro), amable, funcional e integradora coa veciñanza de todas as idades (ascensores urbanos, peonalizacións, centros sociais interxeracionais, parques, etc) cun casco histórico continuo, camiñable e con diversidade de usos (peonalización do casco histórico e melloras na súa contorna) que impulsa a participación cidadá (Muramiñae Rehabilita) e fomenta o turismo sostible", explicou Alvarellos.

Estas actuacións están a situar a Lugo como "un referente non só a nivel galego, senón tamén español e europeo, no ámbito do desenvolvemento sostible e a loita contra o cambio climático", engadiu a alcaldesa.

Instalan 100 contedores marróns

O Executivo de Paula Alvarellos implantará os contedores marróns a partir do 18 de xuño. A primeira fase empezará a materializarse coa instalación de 100 colectores na zona sur da cidade debido a que súa configuración urbanística favorece a instalación destes equipamentos alén de ser unha zona da cidade que arroxa moi bos datos de reciclaxe selectiva. Este período permitirá calibrar o funcionamento, grazas á chegada de información que se realizará mentres dure, o que permitirá extrapolar os datos para optimizar o sistema en toda a cidade.

Previamente o Concello levará a cabo unha campaña de concienciación sobre a reciclaxe e promoción da rede a través de distintas accións co obxectivo de que a participación cidadá sexa maior e así consolidar a nova rede no menor tempo posible. Deste xeito un punto de información percorrerá a cidade ao longo das próximas semanas divulgando o funcionamento deste servizo e animando a poboación a adherirse ao mesmo.

Este espazo de información estará ao longo dos próximos días 6, 7, 8 e 9 instalado na praza de Augas Férreas desde as 15.30 horas ata as 20.30 horas. Posteriormente, a partir do día 11 e ata o día 13, permanecerá na praza Vermella de Fingoi, onde



se facilitará información á cidadanía entre as 11 e as 14 horas e das 16 ás 19 horas. Na caseta repartirase material informativo e entregarase ás persoas usuarias un kit de bolsas compostables. Ademais as primeiras 200 altas que se realicen nas oficinas de Ecolugo na rúa Clérigos, ou través das distintas opcións telemáticas, entregaráselles un cubo de compostaxe. A campaña complétase con diversas accións en medios de comunicación e través das redes sociais do Concello.

Esta primeira fase de instalación dos contedores marróns conta con 100 unidades de carga lateral con apertura electrónica con tarxeta de 1800 litros de capacidade. Poderase facer uso deles a través da tarxeta de Eco-

lugo, que facilitará a empresa, ou a través da tarxeta cidadá.

Deste xeito haberá un nas inmediacións do IES San Xiao, nunha parcela municipal, aproveitando a concentración de poboación desta zona e a actividade do centro de formación. Outro se instalará entre San Fiz e Montirón, no Paseo dos Estudantes, para dar servizo a estes barrios. Un terceiro irá en Fonte dos Ranchos e outro será instalado nas inmediacións da Praza do Agro do Rolo, na zona norte do municipio. Ademais, posteriormente, esta rede será completada por 800 composteiros individuais na zona rural, e cuxo número responde os cocientes de poboación fixados para este tipo de instalacións.

ENCONTRO CO TALENTO



Máis de medio centenar de lucenses participaron na xornada 'Encontro co Talento' organizada polo Executivo de Paula Alvarellos, a través da Área de Dinamización Económica, co obxectivo de responder dun xeito áxil ás necesidades do mercado laboral, conectando a persoas que se atopan en busca de emprego con empresas interesadas en ampliar os seus equipos.

O BNG denuncia que se derivan ás lucenses a Vigo para poder abortar

A deputada do BNG no Parlamento, Olalla Rodil, leva ao Parlamento Galego a derivación de mulleres de Lugo a unha clínica privada en Vigo para abortar. A deputada mantivo unha xuntanza con mulleres de Lugo para analizar a vulneración de dereitos fundamentais que supón que as mulleres luguesas se teñan que desprazar a unha clínica privada en Vigo. En 2022, últimos datos oficiais publicados, en Lugo rexístráronse 89 abortos en períodos xestionais de máis de 8 semanas. No conxunto de Galiza foron 626 dos cales 553 foron levados a cabo en centros extrahospitalarios privados, isto é, o 88,3%. A situación actual, que obriga as mulleres de Lugo a percorrer máis de 200 quilómetros para abortar, "é unha vulneración de dereitos fundamentais e ten unha única responsable, a Xunta de Galiza, que non garante a atención na sanidade pública das mulleres cando deciden interromper voluntariamente un embarazo", explicou a deputada nacionalista.

Deste xeito, pídenlle ao Goberno autonómico "que acabe de maneira inmediata coa derivación de mulleres a unha clínica privada en Vigo para

exercer o seu dereito ao aborto". Lembran que a lexislación vixente esixe que se garanta este dereito na sanidade pública. Neste senso, en outubro de 2021 o BNG impulsou un

acordo no Parlamento que instaba a Xunta a dispoñer dos recursos necesarios para a garantía do dereito ao aborto nos hospitais públicos, algo que en Lugo non está a acontecer.

Reclama á Xunta psiquiatras para a unidade de suicidio

A deputada do BNG no Parlamento, Olalla Rodil, reclama á Xunta que dote de maneira urxente ao CIS da Residencia do servizo de psiquiatría algo que a Xunta non ten pensado facer nos vindeiros meses.

Afirman que a unidade de prevención do suicidio de Lugo, asentada no CIS da Residencia, leva dende o pasado mes de abril sen psiquiatra. "Cómpre lembrar que Lugo é a provincia de todo o Estado con unha maior taxa de suicidios" explica Rodil. Segundo os datos do ano 2022 do INE, en Lugo producíronse 50 falecementos por este motivo o que supón 15,4 mortes por cada 100 mil habitantes, "algo que consideramos moi preocupante para

a provincia" expón a deputada nacionalista

"A saúde mental é unha das prioridades para o BNG" pois a taxa de psicólogos e psicólogas clínicas esta moi lonxe de cubrir as necesidades desta provincia. "Por iso urximos que se dote a unidade de atención ao suicidio dese psiquiatra, pero non só ao CIS da Residencia senón que se dote aos centros de atención primaria con psicólogos e psicólogas clínicas para atender un problema de primeira orde como é a saúde mental, porque precisamos fortalecer a atención primaria para atender os problemas de saúde mental da nosa poboación" conclúe Rodil.

HERBÓN
DES GUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

O ministro Puente avanza que a intermodal estará lista no 2025

O ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, anunciou que as obras da nova estación ferroviaria de Lugo terminarán en 2025, o que contribuirá a descarbonizar a mobilidade apostando por modos máis sostibles e activos e a dar resposta ao incremento do tráfico de trens e viaxeiros derivado da renovación da liña Lugo-Ourense, que conecta a cidade co corredor de alta velocidade.

“Temos máis dun ano de obras por diante para ver finalizado o novo edificio da estación de tren”, asegurou o ministro tras a súa visita ás obras de remodelación da estación, que contemplan a construción dun novo edificio de viaxeiros, dun paso inferior compartimentado para viaxeiros e para uso público, dunha pasarela peonil, a adecuación de plataformas e a demolición do edificio de Correos, entre outras actuacións.

Os traballos comezaron en marzo deste ano e conta cun orzamento de 22,3 millóns de euros (IVE incluído). Adif asume a totalidade do novo edificio e o paso inferior cara a plataformas, ademais do 60% do paso inferior de uso libre, a urbanización e o viario circundante.

“Será unha estación adaptada aos novos servizos e á necesidade de comunicar o parque do Sacro Corazón co centro urbano, grazas ao paso inferior peonil que conectará ambas as marxes”, afirmou o minis-

A Estación estrea un aparcadoiro para bicicletas e patinetes

A estación de Lugo conta xa cun aparcadoiro seguro para bicicletas e patinetes, unha iniciativa coa que Adif contribúe a promover a mobilidade sostible, ao integrar modelos de transporte limpos como o ferrocarril e a bicicleta. O espazo responde o modelo Bichangar Rocket, que está preparado para un uso intensivo e, ademais, protexe as bicicletas de condicións climatolóxicas adversas, roubos e vandalismo.

O aparcadoiro de tipo modular, pechado e cuberto, ten capacidade para seis bicicletas e un baixo impacto visual. O modelo é sostible e autónomo enerxeticamente e aliméntase con electricidade xerada por instalacións solares fotovoltaicas, que carga as baterías. Xunto a el, instaláronse catro unidades do modelo de aparcamento U invertida, gratuito para os usuarios. En función da demanda, está previsto aumentar a capacidade das instalacións.



tro. A estación, ademais permitirá a intermodalidade tren-bus mediante unha pasarela peonil de case 10 metros de ancho, que será un símbolo arquitectónico da Lugo do futuro, creando baixo ela un novo espazo de lecer para a cidadanía, e contribuíndo a transformar a mobilidade.

O ministro ratificou o compromiso do Goberno co desenvolvemento

das infraestruturas en Galicia, onde se licitaron 2.900 millóns de euros de investimento directo desde xuño de 2018, un 40% máis que no mesmo período previo. Unha aposta que prioriza o impulso do ferrocarril na comunidade autónoma con case 1.900 millóns de euros licitados desde xuño de 2018 fronte aos 640 millóns do período anterior.

NOVOS APARCADOIROS



O Concello de Lugo realizou os traballos de pintado das 50 novas prazas de aparcamento na rúa que une Infanta Elena con Serra de Meira, entre os barrios de Paradai e As Gándaras, nas inmediacións da estación ferroviaria da cidade. Trátase dunha medida temporal destinada a paliar o peche do aparcamento gratuito que Adif tiña á beira da estación de tren.

Inauguran a nova praza do Eixo Atlántico



A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, inaugurou a praza do Eixo Atlántico, situada no barrio da Piringalla entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural, onde recentemente se instalou a Fonte das Lavandeiras. Fíxoo acompañada do secretario xeral da entidade transfronteiriça, Xoán Vázquez Mao e doutras autoridades e representantes dos municipios membros do Eixo.

“Esta praza-xardín foi creada e posta a disposición da veciñanza no ano 2021 froito dunha petición cidadá, co obxectivo de promover novos espazos de lecer que favoreceran a convivencia interxeracional”, lembrou a rexedora, quen subliñou que “agora levará o nome do Eixo Atlántico en recoñecemento, non só á historia da entidade, senón tamén como símbolo de punto de encontro das cidades galegas e portuguesas”.

Neste senso, a nova escultura que preside a praza é un monolito en forma de cilindro iluminado cos 41 municipios e deputacións que integran o Eixo Atlántico, quedando plasmada a unión dos pobos que

conforman a Eurorrexión. Trátase da sexta praza pública e a primeira en Galicia á que dá nome a entidade, sumándose ás das cidades de Bragança, Matosinhos, Braga, Vila Nova de Gaia e Viana do Castelo en Portugal.

Alvarellos explicou que “esta iniciativa foi aprobada no contexto da Capital da Cultura que acolleu Lugo en 2023, unha cita que contou cunha ampla programación municipal con variedade de eventos, dende mostras de teatro, cine e concertos, festivais de arte urbáns e exposicións, así como actividades infantís e certames gastronómicos, entre outras propostas, nas que participaron máis de 15.000 persoas”.

Tras a inauguración do novo espazo urbano, a Comisión Executiva do Eixo Atlántico reuniuse no edificio Impulso Verde para analizar a situación e evolución das infraestruturas, así como dos principais proxectos en curso do Eixo Atlántico. Neste senso, Alvarellos agradeceu “que elixiran este pioneiro inmoible para celebrar a súa Comisión Executiva”.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

TU NUEVO LOCAL DE COPAS EN EL CENTRO
RÚA CATEDRAL, 14 - LUGO

Lugo conta con catro novos pasos elevados



Lugo contará con catro novos pasos elevados en tramos da cidade “onde as velocidades dos vehículos soen ser elevadas, e se rexistra unha accidentalidade superior en relación aos peóns”, asegurou o tenente de alcalde, Rubén Arroso, seguindo o recomendado pola Rede de Carreteras. As novas actuacións realizaranse na Ronda das Fontiñas e nas rúas Mazaira, Curros Enríquez e Afonso X o Sabio, continuando co traballo feito noutros barrios e distintas zonas da cidade, como contornas escolares e puntos conflictivos.

Unha proposta común a todos os pasos peonís “é a sobreelevación dos mesmos, mellorando deste xeito a seguridade dos peóns, xa que se reduce notablemente a velocidade dos vehículos, e incluso o peón dispón dunha plataforma física a distinto nivel ca o resto da

calzada”. En todos os casos, haberá sinais para avisar ao condutor dun paso peonil sobreelevado e evitar movementos bruscos ou posibles danos.

No caso da Ronda das Fontiñas 29, dispórase un paso de peóns elevado na localización do paso existente; mentres que nas rúas Mazaira 12, Curros Enríquez 11 e Afonso X o Sabio (xunto á Facultade de Ciencias), se disporá dun paso de peóns elevado en todo o ancho da calzada. O proxecto conta cun total de 48.399,84 € de orzamento.

Rubén Arroso destacou “a importancia das actuacións de calmado de tráfico, que viñemos executando nas zonas escolares, e que agora expandimos a novas zonas da cidade” e busca dun tráfico calmado, “aumentando a seguridade da veciñanza de toda a cidade”.

O Partido Popular denuncia itinerarios máis complexos co novo proxecto de Santo Domingo

A modificación do proxecto de Santo Domingo supón “un exemplo de improvisación e un despropósito” para os populares que aseguran que mentres Arroso pon a rúa Quiroga Ballesteros de exemplo de peonalización a alcaldesa deriva a circulación por ela. Ramón Cabarcos advirte que “os sobrecostos e os retrasos das obras os pagaremos os lucenses” indicando que “cando o tenente de alcaldesa dixo que ían aumentar os impostos xa sabía que non era para darnos máis servizos á cidadanía senón para pagar os seus erros e a falta de planificación en proxectos como o da peonalización do casco histórico”.

Sosteñen que “as malas decisións que adoptou o goberno local de Lugo cos proxectos de peonalización Corazón Verde” cústanos desgustos e cartos aos lucenses, xa que “en proxectos como o de

Santo Domingo é previsible que se incrementen as contías económica consecuencia dos continuos parches que se están producindo froito dunha falta de planificación” Para eles, é surrealista que o Goberno local diga que modifica os planos desta praza de Santo Domingo “buscando como escusa a resistencia do teito dos aparcadoiros”. “Está claro que utilizan este argumento para limitar o paso de vehículos, de máis de 3.500 quilos, en todo o recinto amurallado”. Ramón Cabarcos é crítico tamén cos materiais que usan aclarando que “eliminaron e substituíron un groso firme de formigón por un estreito firme de granito que limita o futuro do tránsito rodado” afondando con que “a debilidade dos firmes executados constitúen unha grande dificultade para xestionar percorridos racionais e optimizados”.

Colocarán ramplas no río Miño para usar como zona de baño

A Xunta de Galicia acaba de emitir o informe requerido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil sobre a instalación de dúas ramplas de acceso ao río Miño para o seu uso como zona de baño na cidade, na zona da Tolda. O documento, que non é vinculante, conclúe que o proxecto sería factible desde o punto de vista da conservación ambiental do río e a contorna pero sempre que o seu promotor adopte unha serie de medidas para garantir a preservación da flora e da fauna da zona.

Os técnicos da Dirección Territorial de Medio Ambiente e Cambio Climático en Lugo, responderon en menos 8 días á solicitude de informe sobre este novo proxecto, que tivo entrada o día 14 de xuño, e notificaron a súa decisión á Confederación para que esta poida continuar tramitando e autorizar, de ser o caso, o proxecto que promove o Concello de Lugo. As pasarelas de entrada estarían limitadas a uns 4 ou 5 metros cadrados en cada acceso. Deste xeito, os técnicos da Xunta entenden que a súa instalación sería compatible coa conservación medioambiental aínda que require da adopción de certas medidas de preservación porque, como se dixo en informes anteriores, na zona existen especies ame-



zadas de mexillóns e náíades. Nos puntos concretos de colocación das ramplas, as máis abundantes son estas últimas, en especial, a Potomida littoralis.

Así, será preciso inspeccionar o río en coordinación co Servizo de Patrimonio Natural para comprobar a existencia de especies en perigo de extinción e a contía e o tipo de náíades. En caso de aparecer exemplares illados de náíades no leito sobre o que se pretenden estender as pasarelas ou nas súas inmediacións, deberán ser trasladados a zonas máis profundas. Se aparecen áreas con presenza abundante de mexillóns de río a pouca profundidade que puidesen verse afectadas e alteradas polas pisadas dos bañistas, estas deberán ser protexidas mediante un

acordado para impedir o acceso. O informe da Xunta tamén recomenda proporcionar información sobre a vulnerabilidade e o valor ecolóxico das poboacións de náíades e outras especies protexidas para a concienciación dos usuarios da zona de baño e tamén para poñer en valor a importancia e funcións do lugar como reserva da biosfera. Por último, este informe favorable condicionado por parte do Servizo de Patrimonio Natural de Lugo enmárcase estritamente nas súas retribucións, sen entrar a valorar, polo tanto, “cuestións relativas á idoneidade ou á seguridade da zona de baño, que quedan fóra do seu ámbito de competencias”, e sen prexuízo doutras autorizacións, comunicacións ou informes que puidesen ser legalmente esixibles.

Apróbese a urbanización entre Infanta Elena e Benigno Rivera

A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de urbanización do polígono 3 do UZPI-2.1, unha zona industrial de nova creación que estende a trama urbana entre as avenidas Infanta Elena e Benigno Rivera. O novo espazo, situado entre o centro comercial As Termas e O Ceao, conta con 6.385 metros cadrados de rede viaria, 7.500 de zonas verdes e 8 parcelas de chan industrial con 20.000 de superficie e máis de 34.000 de edificabilidade. “Todo este traballo de planeamento, xestión e urbanización permitirá mellorar as comunicacións da zona norte, ampliará os nosos parques e proporcionará ao tecido produtivo recursos para robustecer a nosa economía e xerar emprego”, sinalou a rexedora.

Ademais, na sesión de mañá, o Goberno local dará luz verde aos proxectos de expropiación e urbanización da segunda fase da avenida Infanta Elena. Deste xeito, culmínase a tramitación administrativa dun proxecto que permitirá completar o desdoblamento dunha das principais arterias da cidade que, ademais de vertebrar a zona nor-



te, funciona como vía de acceso e saída á cidade e comunica as zonas centro e sur da urbe coa principal superficie industrial de Lugo. Este proxecto, que permitirá achegar fluidez ao tráfico rodado e gañar itinerarios peonís aumentando así a seguridade viaria, supoñerá un investimento total de 1.254.455 euros e conta con 12 meses de prazo de execución desde que a obra sexa contratada por parte da Deputación provincial. Para iso foi necesario por parte do Concello expropiar sete parcelas cunha extensión total de

3.583 metros cadrados por un valor de 81.742 euros. Ademais, durante os traballos ocuparanse temporalmente outros 5.301 metros cadrados doutras 29 parcelas.

Así mesmo, completando a XGL de mañá, aprobarase por parte do Executivo que dirixe Paula Alvarellos o estudo de detalle de dúas parcelas de equipamento público no polígono industrial das Gándaras que acollerán unha gasineira e unha nova nave industrial. Ambos solos teñen unha extensión de 25.000 metros cadrados, 12.500 cada un.

Amosan nunha reunión o plan de traballos para A Garaballa

O tenente alcalde, Rubén Arroxo xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantivo unha xuntanza con veciñas e veciños da Garaballa para amosar os traballos a executar pola concellería nos vindeiros meses. Arroxo conversou coa veciñanza e trasladou o proxecto elaborado pola Tenencia de Alcaldía, que permitirá “mellorar os accesos ao barrio desde a avenida Infanta Elena e a vía principal do barrio, creando tamén novas beirarrúas para os peóns”.

Rubén Arroxo destacou “o esforzo” que a Tenencia de Alcaldía realiza para atender ás distintas zonas periurbanas de Lugo, e explicou que “barrios como as Gándaras ou galogos recibiron nestes anos unha



serie de investimentos importantes que melloraron enormemente a calidade de vida da veciñanza, con actuacións tanto nas rúas e beirarrúas como renovando o alumbeado público”. Segundo Rubén Arroxo, “seguimos traballando

para actuar en todos os barrios e vías da cidade, tanto con actuacións pequenas como eliminación de fochancas ou renovación de treitos de beirarrúa, como actuacións integrais como a que planxamos na Garaballa”.

PP e Concello recrimínanse o atraso na apertura da nova residencia de maiores

Os servizos eléctricos do Concello emitiron un informe despois das distintas revisións realizadas na contorna do CIS e da futura residencia de maiores, amosando as distintas deficiencias atopadas. O servizo municipal elaborará un informe que será avaliado no futuro nunha reunión técnica. Explican que se atoparon ata 30 deficiencias na instalación, incumprindo a normativa do Concello, que pode afectar á seguridade da instalación. Os fallos detectados na instalación eléctrica súmanse aos xa detectados que impiden a apertura das instalacións da nova residencia. Entre as deficiencias atopadas,

destaca a falta de medios para a extinción de fogos de orixe eléctrica, a ausencia de protector de sobretensións ou o uso de cables dunha sección inferior á esixida para este tipo de instalacións. Ademais, hai partes da canalización onde de non se respectan as profundidades mínimas dos tubos, e tramos de canalización ao nivel do terreo.

O PP sinala que o que está pasando coa apertura da residencia de maiores é un exemplo máis da actitude inaceptable do goberno local. Din que “o Concello non puxo nin un euro para esta infraestrutura e agora están poñendo todo o seu empeño en dilatar a súa apertura”.

Reclaman o amaño da avenida Filarmónica

Rubén Arroxo xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron un encontro con representantes das directivas das escolas de Relacións Laborais e Enfermaría e da Facultade de Humanidades, que trasladaron ao Concello unha solicitude reclamando o amaño da Avenida Filarmónica Lucense e a solución de distintas eivas nesta vía para garantir a seguridade da veciñanza. Penas trasladou o seu apoio á reclamación da comunidade universitaria, e afirmou que “traballaremos para coordinar os traballos coa área de Vías e Obras da Deputación de Lugo e poder realizar as intervencións precisas para solucionar

os problemas de seguridade viaria o antes posible”. Entre as solicitudes que recibiu o Goberno de Lugo por parte da comunidade universitaria, destaca a mellora da seguridade peonil na avenida Filarmónica Lucense, solicitando elementos de calmado de tráfico e a renovación da sinalización horizontal.

“Isto vai na liña do traballo que realizamos desde a Área de Mobilidade en distintos puntos da cidade, dentro do plan de calmado de tráfico que levamos executando varios anos”. A área de Mobilidade valora necesaria tamén a creación dun novo paso de peóns elevado nas proximidades da unión desta rúa coa avenida Alfonso X.

Crítica ao Goberno galego polo muro apuntalado na Residencia

Rubén Arroxo, critica a postura da Xunta a respecto do muro apuntalado tras a renovación da contorna da Residencia. Arroxo afirmou que “a Xunta sempre segue o mesmo proceso, planifican mal as obras e despois reclaman ao Concello que rematen os traballos que deixan a medias”. A solución adoptada no barrio da Residencia, deixando un fragmento de 2 metros do muro do antigo hospital con conexións eléctricas é comparable, segundo explicou Rubén Arroxo “ao acontecido co novo auditorio, a Xunta deixou a medias o equipamento da estrutura, supoñendo un sobrecusto tanto económico como administrativo para o Concello”.



Rubén Arroxo afirmou que “mentres desde o goberno de Lugo traballamos para mellorar a cidade, tamén no eido estético, a Xunta demostra que non lle preocupa a cidade de Lugo, permitindo este tipo de solu-

cións que empeoran a imaxe da cidade”. Arroxo reclamou á Xunta que mellore a planificación das obras “completándoas e non deixando anacos para que amañen outras institucións”.

A Xunta inviste 413.000 euros en corrixir as humidades na Catedral

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude prevé investir 413.000 euros para corrixir a entrada de humidades na cabeceira da Catedral de Lugo, onde se sitúa a capela da Virxe dos Ollos Grandes. Será preciso intervir na contorna inmediata, en espazos públicos da praza de Santa María, praza Fernando de Casas Novas e a travesía Deán Fernández Varela.

Os estudos previos que serviron de base para esta nova actuación permitiron determinar a existencia dunha das grandes cloacas de época romana, que discorre a

máis de catro metros de profundidade polo claustro da Catedral en dirección á porta de Santiago, e que segue funcionando na actualidade como sistema de saneamento, tras case 2000 anos de existencia.

Os técnicos analizaron máis en detalle a relación desta cloaca romana coa canle do século XVIII que rodea a cabeceira do templo baixo a rasante da praza de Santa María, que se interrompe baixo o cruceiro que existe hoxe na citada praza, e concluíron que é necesario actuar sobre os espazos públicos

que circundan a cabeceira da catedral e sobre esas canalizacións para poder eliminar as humidades que existen na capela dos Ollos Grandes.

As obras a realizar perseguen a canalización correcta das augas, a ventilación dos muros de fábrica soterrados e a drenaxe e ventilación adecuadas das zonas de imposible acceso. O cruceiro será desprazado lixeiramente para liberar a canalización interrompida, e tamén se aproveitará para acometer a limpeza e rexuntado dos paramentos no exterior da capela.

¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!
Admitimos vales de la administración

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Convocadas 33 prazas de emprego no Concello

O Concello aprobou inicialmente o proxecto de oferta pública de Emprego do 2024 polo que convocará 33 prazas. O edil de Economía e Recursos Humanos, Pablo Permuy, avanzou que “a 26 delas se poderá acceder mediante concurso de oposición libre e as 7 restantes serán de promoción interna.

Así, na OPE deste exercicio contéplase a cobertura de vacantes existentes na Brigada de Parques e Xardíns, Medio Rural, diferentes postos administrativos, prazas da Policía Local e Bombeiros, así como varios existentes nos diferentes centros cívicos como os de traballador/a social ou ordenanza. “O obxectivo é abordar as necesidades máis urxentes detectadas nos diversos servizos, garantir as cadeas de mando e mellorar a efi-

cacia dos diferentes departamentos, o que sen dúbida redundará nunca mellor atención cidadá. A nosa pretensión foi aproveitar, ao máximo posible, a capacidade das taxas de reposición que, para algúns sectores chegan ao 120 e 125%”, engadiu Permuy Villanueva. Durante a mesa de negociación aprobáronse tamén outros asuntos de interese, como a modificación da RPT ou abonamento das horas extras, aspecto que o Goberno local leva meses axilizando. Facemos un balance moi positivo desta reunión. Existe maioritariamente unha votade de colaborar e chegar a acordos e este entendemento está a dar os seus froitos. Deste xeito, a OPE 2024 inicia o proceso administrativo e de fiscalización para ser aprobada en Xunta de Goberno .



O Concello de Lugo acada a Escoba de Platino pola xestión de residuos

A renovación do servizo de recollida de RSU, limpeza viaria e xestión do punto limpo foi recoñecida coa Escoba de Platino. Este premio sitúa a Lugo entre as cidades máis limpas, con mellores prácticas de reciclaxe e mellor xestión de residuos, seguindo así a referentes nacionais como Vitoria-Gasteiz ou San Sebastián.

O recoñecemento, que concede a Asociación Técnica para a Xestión de Residuos, Aseo Urbano e Medio Ambiente (Ategrus), é a máxima distinción dentro deste prestixioso galardón de ámbito estatal e iberoamericano e distingue a eficacia e o bo traballo na limpeza e recollida de residuos dos municipios, empresas ou entidades, os avances tecnolóxicos e a concienciación social neste terreo. “Para o Concello de Lugo este recoñecemento supón alcanzar o grao de máxima excelencia,

despois da Escoba de Prata de 2008 e a de Oro de 2016, e é un estímulo extra para seguir optimizando todos os servizos que axudan a mellorar a calidade de vida dos lucenses e as lucenses”, destaca o edil de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández.

Entre outros aspectos, o xurado de expertos designado por Ategrus (membro nacional da International Solid Waste Association) valorou, para conceder ao Concello de Lugo o recoñecemento dentro da categoría Municipios, Mancomunidades e Deputacións de máis de 50.000 e menos de 100.000 habitantes, o emprego de vehículos e maquinaria medioambientalmente sostibles, o cambio ao sistema de carga lateral nos contedores, a apertura da oficina de atención ao cidadán ou a implantación do servizo de punto limpo móbil.

Adxudican 23 postos na praza de Abastos e no Mercado Municipal

O Goberno aproba o procedemento de licitación dun total de 23 postos na Praza de Abastos e no Mercado Municipal, “avanzando no obxectivo de contar con todos os postos da Praza e do Mercado con actividade”, afirmou a concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López.

O procedemento permitirá ocupar 15 postos na Praza de Abastos para distintas actividades, e 8 postos no Mercado Municipal destinados a actividades de hostalería e restauración. Todas as concesións terán unha duración de 25 anos, e as persoas interesadas en optar a un dos postos poderán presentar os seus proxectos nos 30 días posteriores á publicación do anuncio na plataforma de licitación.

Os criterios de adxudicación valorarán a capacidade de creación de emprego da proposta empresarial, ademais da actividade a desenvolver e do proxecto de negocio, xunto cos



servizos de Atención ao Cliente, valorando se a nova actividade contará con servizo de entrega a domicilio ou venta en liña

Cristina López destacou o traballo realizado durante este mandato de cara a dinamizar a Praza de Abastos e o Mercado Municipal.

Na praza de Abastos, saíran a licitación os postos 12 (Conxelados), 22 (Panadería), 23 (Carnicería), 28 (Delicatessen), 32 (Carnicería), 35 (Her-

bolario), 37 (Charcutería), 38 (Café Bar), 39 (Alimentación), 43 (Viñatería), 44 (Froitaría), 45 (Droguería), 47 (Galletería), 48 (Carnicería) e 49 (Alimentación), que contan cunhas dimensión de entre 11,3 e 17 m2. No Mercado de Quiroga Ballesteros saíran os postos 2, 10, 13-14, 18, 19, 21, 23 e 25, dedicados a actividades do sector da hostalería e da restauración, con tamaños entre os 9,04 e os 33,11 m2.

Aproban as bases para rexenerar 57 vivendas no centro

O Concello de Lugo dá luz verde a un investimento de 850.986 euros articulado a través dos Fondos Next Generation e aprobará as bases reguladoras das subvencións do Programa de Rehabilitación no Centro Histórico da cidade, ao abeiro das axudas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Dita área tamén adquire a denominación de Contorna Residencial de Rehabilitación Programada: ERRP do Casco Histórico de Lugo – Fase XVII. A través desta convocatoria, que como ata o de agora se xestionará dende a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (Evislusa), o Goberno local propiciará a rexeneración dun total de 57 vivendas no recinto amurallado e a súa zona de influencia, área coincidente coa delimitada polo Pepri do casco histórico. Esta iniciativa ten por obxectivo “rexenerar parte do parque inmobiliario da nosa zona histórica na liña da recuperación urbanística, residencial, patrimonial e comercial que estamos a efectuar no centro da cidade e cuxo impacto será máis evidente cando conclúan tamén as tres obras”, sinalou a rexedora. Poderán optar a esta subvención aquelas persoas ou entidades propietarias de inmobles dentro da contorna do centro.

O PP di que a cidade perde o 45 % da auga do seu abastecemento

O PP alerta da perda do 45 % da auga do abastecemento de Lugo pola “xestión ineficaz” do Goberno local. Así o aseguran apoiándose nos datos facilitados polo Concello na comisión de transición ecolóxica a preguntas formuladas polo Grupo Municipal.

“Dado que descoñecemos o paradiro da metade da auga que se potabiliza consideramos imprescindible e urxente actuar para reverter a situación cun control das fugas; cun servizo de reparación que funcione 7 días á semana 24 horas e cun sistema dixital dos contadores para reducir o malgasto auga”.

Os populares afirman que esta situación “é consecuencia da falta de control e xestión eficiente da auga potable, da ineficacia na reparación de fugas e de que desaproveitan oportunidades de financiamento para mellorar o sistema de distribución da auga”. Durante o ano 2023 tratáronse na ETAP 9.8 M de m3 de auga, que vai directamente á rede de abastecemento municipal para consumo, e tamén se informa que esa cantidade utilízase para baldeos 24.406,47 m3. Outro dato que achegan é que no

primeiro trimestre de 2024 houbo un consumo de 1.339.000 litros “en relación aos usuarios dados de alta na subministración de auga potable” polo que facendo unha estimación anual os datos de consumos, baldeos, xardíns e edificios municipais ascende a 5.359.544 m3. Para os populares o feito de que o 45% da auga que se trata se perda é alarmante tendo en conta que a media habitual de malgasto de auga nas cidades españolas é dun 15 %.

RESPOSTA. Dende o Concello aseguran que o Grupo Popular “distorsiona os datos facilitados nas comisións de pleno co obxectivo de desacreditar a xestión municipal e xerar alarma social”. Aseguran que en ningún caso o dato facilitado polos populares se corresponde co dato real por fugas ou consumos ocultos, “xa que na porcentaxe sinalada non se inclúen outros usos polos que o PP non preguntou nesa comisión, ben de forma intencionada ou ben por descoñecemento”. O grosor da porcentaxe non contabilizada corresponde ao consumo correspondente de todos os edificios municipais.

DEPUTACIÓN

Adxudicado por 400.000 euros o Servizo de Teleasistencia 24 horas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación, por 380.290,80 euros, do contrato para a prestación do servizo de Teleasistencia domiciliaria as 24 horas que ofrece a institución provincial. A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a empresa adxudicataria é Servizos de Teleasistencia SA e a duración do contrato será de 1 ano coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces máis, ata un máximo de 4 anos.

“Este é un dos piares da nosa rede de protección social, xunto cos centros públicos de atención ás persoas maiores e o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia”, valorou a deputada. Engadiu que grazas a este servizo, a

Deputación garante atención domiciliaria gratuita as 24 horas, os 365 días do ano, a cerca de 2.000 veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia que teñen dificultades na súa autonomía.

Nese sentido, apuntou que a Teleasistencia “é unha forma de favorecer a permanencia, o arraigo e a integración no entorno familiar e social destas persoas, sobre todo no rural”, porque os usuarios deste servizo e as súas familias “viven con máis tranquilidade, pois saben que contan cun sistema de chamada para recibir atención en calquera momento”.

Lembrou a deputada que a Teleasistencia consiste na instalación dun dispositivo no domicilio das persoas usuarias que permita a mobilización

de recursos ante unha situación de emerxencia e necesidade, pero tamén serve para facer seguimento ás persoas que o necesiten.

EMPREGO PÚBLICO. Aberto un novo proceso de selección para a contratación de empregados públicos que prestarán servizo na Deputación de Lugo de forma temporal. Concretamente, a Xunta de Goberno deste venres aprobou unha nova convocatoria e as bases específicas para a creación de catro listas de emprego temporal para desenvolver os seguintes postos de traballo: Un peón para a reparación de vías provinciais, adscrito ó Parque Móbil; un maquinista condutor; un psicólogo ou psicóloga; e un auxiliar administrativo.



Asoporcel recibe unha achega da Deputación para impulsar a produción

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), José Barreira Alonso, un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 39.000 euros a esta entidade. O obxectivo deste acordo é impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta.

José Tomé Roca avanzou que “coa firma deste convenio a Deputación colabora con este proxecto que ten como finalidade principal poñer en mans dos gandeiros e das gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden o máximo rendemento. Ademais, este plan supón un importante impulso para a profesionalización do sector, para o asentamento das ganderías existentes e para atraer aos mozos e mozas a iniciarse na actividade gandeira como modo de vida”.

Nesta liña, as actividades que se van desenvolver dentro desta iniciativa

son as de asesoramento xeral e formación dos gandeiros, orientación e control da xestión dos aspectos sanitarios da produción, así como das medidas de bioseguridade e do mantemento das instalacións. Igualmente, tamén se inclúen recomendacións sobre cuestións relacionadas coa alimentación dos animais, a trazabilidade da produción e asuntos comerciais e publicitarios.

Neste proxecto, que xa se vén realizando nos últimos anos, tamén se inclúen programacións integradas e individualizadas para cada unha das granxas, o que permitirá conseguir resultados de produción máis beneficiosos, en canto a cantidade e a calidade, así como mellores oportunidades comerciais.

O presidente destacou que “esta colaboración demostra o noso compromiso co sector primario e agrogandeiro, que, sen dúbida, é un dos motores económicos da provincia, pois contribúe a crear riqueza, xerar emprego e, en definitiva, fixar poboación no rural da nosa provincia”.

Destina preto dun millón de euros á mellora de catro estradas

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación de catro novas obras en estradas provinciais nos concellos de Antas de Ulla, Castro de Rei e O Saviñao cun investimento conxunto de preto dun millón de euros.

En concreto, en Antas de Ulla adxudicou á empresa Explotaciones Gallegas SL por un importe de 514.225 euros as obras de mellora que se van realizar na LU-P-0301, a vía que dá acceso ao que será o Parque Central de Galicia. O proxecto, que ten un prazo de execución de catro meses, incorpora actuacións entre os puntos quilométricos 0,3 e 3,6 e inclúe o ensanche de varios treitos, as correspondentes tarefas de drenaxe, a colocación das tubaxes correspondentes, así como a limpeza de cunetas. Tras rematar estes traballos, procederáse á pavimentación



con aglomerado en quente en todo o trazado, á sinalización da vía con marcas reflexivas brancas e á renovación das sinais verticais.

Ademais, tamén adxudicou por un importe que supera os 300.000 euros as obras que se van realizar en dúas estradas do concello do Saviñao. Por unha banda, adxudicouse

con preto de 230.000 euros os traballos de acondicionamento do firme LU-P-3202, a vía que comunica Monforte con Currelos. No Saviñao tamén adxudicou por preto de 80.000 euros á empresa Fevisa Vías e Obras SL a repavimentación da LU-P5810, desde a LU-P-5804 ata Ereixafeita por Cazón. O prazo de execución destes traballos é dun mes e inclúen o acondicionamento de 500 m2 de superficie mediante un dobre tratamento superficial.

A última das obras adxudicadas foi no concello de Castro de Rei por un importe de 130.000 euros á empresa TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL. Realizaranse na LU-P-1105, a estrada que une Ponte de Outeiro con Quintela, nun prazo de execución de 25 días e afectarán ao treito que vai dende o quilómetro 3,3 ao 6.

COÑECE A TÚA PROVINCIA

A Deputación de Lugo arrancou a cuarta edición do programa de viaxes gratuitas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán preto de 2.000 persoas de 80 asociacións e colectivos lucenses. Nesta cuarta tempada os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en veráns ata o 19 de xullo, e en outono, de setembro a outubro.



Adxudicado o material do programa Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación, por un importe de máis de 1 millóns de euros, do subministro e instalación de equipamento tecnolóxico para os 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Quedou adxudicado o lote 1, dedicado ao subministro e instalación dos novos equipos informáticos da oficina de asistencia en materia de rexistro á empresa Micromedia SL por un importe de 224.763 euros; o lote 2, destinado a tabletas e o software para recoller a firma biométrica, á empresa Solitium SL por un importe de

91.132 euros; un terceiro lote a escáneres de mesa e o software para converter documentos en formato editable, do que tamén se encargará a empresa Solitium SL por un importe de practicamente 100.000 euros; e finalmente, un cuarto lote, para a implementación de postos intelixentes para os concellos resilientes, que neste caso, queda adxudicado á empresa Micromedia SL por un importe de 603.952 euros.

A institución puxo en marcha este programa, financiado con 4,5 millóns con fondos da Unión Europea

TEMPO DE VERÁN

A gastronomía, o centro das festas de verán

Centos de persoas percorren os concellos nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e incluso xa entrado o outono para desfrutar dos mellores pratos da gastronomía luguesa

A comunidade galega acolle numerosas efemérides dedicadas aos produtos gastronómicos locais

O polbo, a empanada, o viño, a oliva, a tortilla, o percebe, a carne ao caldeiro, o mel... estes son os ingredientes necesarios para pasalo ben nunha festa de verán polos distintos concellos da provincia de Lugo, desde A Mariña lucense ata a Ribeira Sacra, pasando pola Terra Chá, pola Montaña de Lugo e pola comarca de Sarria.

Os galegos, e sobre todo os lucenses, desfrutamos dunha festa cando vai acompañada de boa comida, boa música e boa compañía, e por iso existe o slogan de "E para comer, Lugo", recoñecido en Galicia e fóra dela, xa que miles de persoas veñen desfrutar da nosa gastronomía e dos nosos costumes culturais, etnográficos, sociais e, por suposto, do ámbito culinario.

A continuación, poderase consultar a información relativa aos diferentes eventos gastronómicos da provincia de Lugo segundo os meses nos que se desenvolvan.

XUÑO

En xuño celébrase a **Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite** en Ribas de Sil, un evento no que as persoas que participan poden degustar as cereixas e outros produtos típicos da comarca do Xeoparque Montañas do Courel, como o viño da Ribeira Sacra e o aceite, produto típico que com-

parte Ribas de Sil con Quiroga. Ademais, durante os días que se celebra, normalmente a segunda fin de semana de xuño, o municipio acolle diversas actividades para os visitantes, como exposicións artísticas, actuacións musicais, obradoiros para os máis pequenos...

XULLO

Pola súa parte, en xullo chega a Celeiro a **XXV Festa da Merluza do Pincho**, unha cita imprescindible na época estival, xa que supón un dos eventos gastronómicos máis importantes da comarca da Mariña Lucense, que pon en valor un dos produtos de máis prestixio da gastronomía galega. Durante a iniciativa, que adoita celebrarse o segundo sábado de xullo, as persoas que se acheguen poderán desfrutar da deliciosa pescada elaborada de formas diferentes: en empanada, en caldeirada, á galega, en salsa verde, en salpicón, la especial Penalba...

Tamén en Celeiro desenvolveranse as súas grandes festas de verán, as **Festas Patronais e do Mar de Celeiro** en Viveiro durante os días 22 e 26 de xullo, nas que haberá unha ran festa da cervexa e empanada, na que haberá degustación de ámbolos dous produtos así como música durante todo día



e actividades culturais.

Pola súa banda, en Xove celébrase tamén nestas datas a Festa do Percebe, na que se poderá degustar este produto típico do mar, acompañado de boa música que chegará ao municipio para amenizar a xornada culinaria.

AGOSTO

En agosto, as festas gastronómicas da provincia de Lugo multiplícanse, sendo o mes por excelencia da comida e a verbena. Así, os días 3 e 4 de agosto terá lugar a **XXXVIII Feira do Bonito** terá lugar o 3 e o 4 de agosto na zona portuaria de Burela, que ofrecerá o produto típico do mar Cantábrico en porcións de bonito asado á grella, de bonito cocido e outra de empanada de bonito. Ademais, durante a festa tamén haberá acompañamento musical e outras actividades culturais e concursos para que as persoas poidan participar.

Esa mesma fin de semana celebrarase a **Festa do Percebe de Rinlo**, en Ribadeo, festa na que todas as persoas que se acheguen poderán desfrutar da festa e degustación deste crustáceo mariño, mentres se desfruta da boa compañía e da música da festa. Pola súa parte, os concellos de Cervo e Barreiros compiten cada

ano por ter o mellor ovo frito, xa que ambos celebran a **Festa do Ovo Frito**, aínda que Cervo leva XVII edicións e Barreiros celebra a súa VI edición. Nesta festa, que celebran os dous concellos o mesmo día e á mesma hora, serven 1.000 racións de ovo frito por hora, acompañados de 4.500 chourizos e máis de 1.000 kg de patacas. Ademais, tamén en Barreiros, cada ano celébrase a **Festa da Tortilla en Celeiro de Mariñaos**, normalmente o terceiro sábado de agosto, dúas semanas despois da Festa do Ovo Frito. O ano pasado, na Festa da Tortilla presentáronse vinte concursantes para elaborar a mellor e máis grande tortilla nas catro categorías do concurso e destacou a elaboración dunha tortilla de 720 ovos, 100 kg de patacas e 10 kg de cebolas. Outra festa que se celebra en Barreiros en agosto, é a **Festa do Marisco**, que terá lugar a súa V edición os días 16 e 17 de agosto. Nestas mestas datas, desenvólvese todos os anos a **Festa da Carne ao Caldeiro de Remouelle**, en Ribadeo, na que as persoas que se acheguen poderán degustar do tradicional prato composto por tenreira galega cocida con pementón, acompañada da música tradicional que se elixa para amenizar a xornada ribadense.



Pola súa parte, Viveiro tamén acolle diversas festas gastronómicas durante o mes de agosto, como a **Festa do Xamón Cocido**, na que haberá degustación deste prato típico galego, así como a **Romaxe do Bo Xantar** en Viveiro, na que a gastronomía será a protagonista da romaría do Naiseiro, que na última edición comezou cunha xornada dedicada ao polbo. Finalmente, tamén se celebra a **Feira da Cervexa Artesá** a primeira fin de semana de agosto, durante a que as persoas interesadas poderán probar ata 60 tipos de cervexas artesás, ademais da cervexa local Xistral. Baixando da Mariña Lucense cara Lugo, a finais de agosto celébrase unha das festas máis recoñecidas de toda Galicia, que é a **Festa do Pemento de Mougán** en Guntín, na que miles de persoas desfrutan deste produto típico da gastronomía galega, que vén acompañado pola degustación do churrasco que se ofrece aos visitantes.

Por outra banda, en Castroverde, tamén a finais, sobre o día 20 de agosto, celébrase a **Feira da Artesanía e Gastronomía** do municipio, onde hai degustación de produtos típicos como o queixo, o viño, o pan... pero tamén acollen exhibición de coches clásicos, talla e escultura, cestería e actividades culturais. Xa na comarca de Sarria, Láncara



do Mel de Quiroga, posiblemente a segunda semana de agosto, que, ademais de acoller postos de mel artesá, traerá grandes actuacións musicais durante varios días para os visitantes. Finalmente, Sober acollerá a **Feira da Rosca e Produtos da Ribeira Sacra** a segunda fin de semana de agosto, poñendo en valor a rosca, o produto gastronómico máis importante do municipio.

SETEMBRO

As festas gastronómicas non rematan en agosto, polo que en setembro pódense atopar diversas propostas culinarias para

Festa da Faba de Lourenzá, unhas xornadas gastronómicas nas que adoita haber degustacións da faba conxuntamente con catas de viños de adegas do municipio, todo iso acompañado de música e actividades culturais.

OUTUBRO

Xa en outubro, na capital da provincia, celébrase a **Feira do Mel**, na que se organiza cada ano unha cata de mel así como varios artesáns exponen os seus produtos en postos establecidos no centro de Lugo a mediados de mes. Da mesma maneira, O Valadouro tamén celebra a súa

Muras, que se desenvolverá o terceiro fin de semana do mes co fin de potenciar e dar a coñecer este produto, aínda que tamén se poderá degustar de maneira gratuíta os liscos, así como desfrutar de diferentes obradoiros e actuacións musicais.

Con respecto á castaña, Burela acolle todos os anos unha festa dedicada a este produto, na que todas as persoas participantes poderán desfrutar a segunda fin de semana do mes e que tamén incluírá cantos de taberna, obradoiros, xogos populares para nenos, unha gran foliada a concertos.

Aínda que non é a única, na outra punta da provincia, en Folgoso do Courel, tamén se celebra a **Festa da Castaña**, aínda que algo antes, a primeira fin de semana do mes, na que, ademais de castañas asadas, as persoas que se acheguen poderán degustar viño e desfrutar das actuacións musicais organizadas.

DECEMBRO

As últimas festas gastronómicas da provincia de Lugo do ano celébranse en decembro, mes no que Vilalba acolle a **Feira do Capón**, unha feira anual que se celebra antes de Noite Boa, enchendo a praza da Constitución de visitantes que se achegan a desfrutar dunha festa con máis de 200 anos de antigüidade e con gran repercusión internacional, na que ademais do capón, hai actuacións musicais de grupos folclóricos galegos.



adoita acoller a segunda semana de agosto a **Festa da Troita**, na que as persoas interesadas en desfrutar deste produto gastronómico do río Neira poderán facelo de forma gratuíta nos establecementos dalgunhas parroquias do municipio.

Na Ribeira Sacra tamén se celebran diversas festas gastronómicas en agosto, como a **Festa da Empanada** de Chantada, que se desenvolve o último martes de agosto e na que, ademais de empanada, pódese desfrutar do viño da Ribeira Sacra, e máis actividades culturais que forman parte tamén das súas festas patronais. Ademais, este ano celébrase a edición XXXIII da **Mostra**

desfrutar da comida popular de Galicia. Así, o primeiro venres de setembro celébrase a **Festa da Troita no Corgo**, na que se ofrecen troitas e churrasco ás persoas que se achegan como parte do evento. A festa está organizada pola asociación de pescadores Ponte de Areas e con eles colaboran os concellos do Corgo, de Guntín e do Páramo. Por outra banda, o último domingo de setembro celébrase a **Feira do poldro e do gando do monte** en Muras, festa considerada de interese turístico galego na que se poderá degustar da carne vacún e cabalar. Ademais, esta mesma e última fin de semana de setembro terá lugar a

Feira do Mel coincidindo coa celebración da festa homónima en Lugo, a mediados de mes. Nesta, hai exposición do mel e outros produtos típicos da zona e da tempada. Aínda que tamén acolle obradoiros, música e actividades culturais.

NOVEMBRO

Entre outubro e novembro as festas gastronómicas típicas son aquelas nas que se poñen en valor os produtos típicos da tempada, como son o mel e a castaña. Así, en novembro tamén se celebran festas do mel, como a **Feira do Mel de Montaña de**

A Mariña, a
Ribeira Sacra e a
Montaña danlle
á provincia
de Lugo unha
singularidade
particular que a
fai única

AO NOSO CARÓN

Federación veciñal e CHMS colaboran para limpar os ríos

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Federación de AA.VV. de Lugo Lucus Augusti chegaron ao acordo de facilitar unha relación de zonas dos ríos da conca fluvial Miño-Sil que as asociacións das zonas afectadas están a demandar limpar.

En Ombreiro piden a limpeza de troncos e árbores dende a desembocadura do Narla ata a ponte, en Xustás a roza nas beiras e retirar árbores no cauce e en Santa Eulalia de Castro piden tamén retirar árbores e roza nas marxes do río Ladra e Parga.

En Esperante piden que se retiren árbores e roza na súa parroquia e tamén na de Lamas, Monte de Meda, Bazar, Saa e Esperante; no Veral piden que se saquen troncos do caudal, limpar e retirar árbores; en Pías, Monte da Meda e Orbazai piden limpar o río de Marcos, o Cerdeiriño e o Mera; en Santalla de Lamas demandan a retirada de árbores e a limpeza de maleza e na cidade de Lugo solicitan actuar no Rato dende o Ceao ata a Tolda, a poda e a retirada de maleza no Miño.

En San Martín de Guillar (Outeiro de Rei) piden a roza no río pequeno e en Mirada (Castroverde) piden a limpeza no río Tórdea dende Mirandela a Uriz. En Castro de Rei demandan actuar no Azúmara e no Corgo piden limpar a maleza e as árbores caídas do Chamoso, así como no Narla en Friol.

Adxudicadas obras de mellora do firme en tres estradas

A Xunta vén de adxudicar por 2.225.644 euros a execución das obras de mellora do firme en tres estradas autonómicas na provincia de Lugo.

Esta intervención, adxudicada á empresa Construcciones Isidro Otero SL e cun prazo de 6 meses de execución, consiste no acondicionamento das estradas LU-530, LU-122 e LU-113, ao paso por Castroverde, Baleira, A Fonsagrada, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Riotorto.

De xeito máis concreto, na estrada LU-530, actuarase entre as travesías de Castroverde e do Cádavo, ao longo dunha lonxitude de 8,78 quilómetros; e entre A Lastra e A Fonsagrada, en 19,34 quilómetros.

Na LU-122, intervívase no tramo Paraxes-Cruz da Cancela, nunha lonxitude de 20,12 quilómetros; e na LU-113, desde o final da travesía de Castro ata Xustás.

Iníciase o trámite do último tramo da AG-22 de Nadela a Sarria

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou o inicio do trámite de información pública e avaliación ambiental do segundo e último tramo da nova autovía AG-22 (Nadela-Sarria), o comprendido entre A Pobra de San Xiao e Nadela, o cal suporá un investimento de 35 millóns de euros.

O presidente da Xunta resaltou as vantaxes que suporá este treito grazas ao desdoblamento do corredor Nadela-Sarria ao seu paso polos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo. “O sur da provincia de Lugo vai quedar conectado coa súa capital e a partir de aí con outras vías de alta capacidade”, resaltou. Este novo paso para converter esta estrada nunha vía de alta capacidade permitirá acurtar o tempo de viaxe e adiantar sen risco, debido a que contará con dúas calzadas con dous carrís cada unha. Neste sentido, espérase que arredor de 100.000 usuarios se beneficien deste viario que estará limitado a 120 km/h, ademais dos transportistas que a utilicen para as súas viaxes de traballo.

Unha vez se complete a totalida-

de do itinerario os tráficos entre Ourense e Lugo, así como os das comarcas de Valdeorras e Ribeira Sacra coa capital de provincia reducirán os seus tempos e mellorarán a seguridade viaria, ao mesmo tempo que tamén se permitirán intercambios en tempos reducidos entre os Camiños Primitivo, Francés e de Inverno. Tal e como explicou o presidente, a previsión é “rematar o 2025 coas obras licitadas e se é posible tamén adxudicadas para poder comezalas en 2026”.

RESPOSTA DO PSOE. Pilar García Porto pediulle a Alfonso Rueda, “máis traballo e menos fotos electoralistas para avanzar dunha vez por todas coas obras de desdoblamento do corredor Nadela-Monforte, que é o que precisamos os veciños e veciñas desta provincia”. “É urxente que se poñan a traballar para completar esta importante arteria de comunicación por estrada dun xeito serio e rigoroso e se deixen de enganar á veciñanza, porque o máis probable é que non vexamos inaugurado este treito de 16 quilómetros ata o 2026”.



43 concellos teñen xa fibra óptica con Adamo

Ata 22.000 fogares de Lugo recibiron fibra óptica o pasado ano da man de Adamo. Esta expansión produciuse nun total de 43 concellos da provincia, sobre todo en zonas rurais, peor comunicadas e con maiores necesidades de conectividade.

Considerando que Lugo conta con 67 municipios, Adamo realizou operacións en dúas de cada tres concellos da provincia só en 2023, os cales, ben estrearon Internet ultrarrápido, ben viron ampliada unha rede preexistente. Para lograr ese crecemento, a compañía tivo que tirar máis de 2.000 quilómetros de fibra óptica vía subterránea, externa (protexida por tubos) ou unindo postes (despregamento aéreo).

Unha gran parte da vasta rede da empresa sitúase en cidades medianas e pequenas, en zonas apartadas e, mesmo, en áreas despoboadas. Trátase, nalgúns casos, de localidades afectadas polo temido fenómeno do despoboamento. Non en balde, no seu afán de non deixar a ninguén atrás, Adamo xa se posiciona como o operador especializado no ámbito rural de Lugo.

A conexión que proporciona a compañía -de ata 1.000 Mb- permite realizar con garantías actividades que hoxe resultan habituais: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras.

guntín



Fan reparacións no acceso ao núcleo de Fontao

O Concello de Guntín continúa a mellorar os camiños de titularidade municipal. Tras as actuacións levadas a cabo nos camiños e nas pistas de Nogueiras, na Horta e tamén en Arriba de Ferroi e no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante, nestes días traballaron na mellora do acceso ao núcleo de Fontao, na parroquia de Zolle.

Dende o Goberno local apostan así por labores de mellora e acondicionamento do firme. Estas actuacións coas que pretenden facilitar a vida da veciñanza das súas 31 parroquias súmanse a outros proxectos do Goberno local como son a humanización do campo da feira de Grolos ou a creación dun novo aparcadoiro.

Guntín presenta o seu programa das festas

Guntín presenta o programa das súas festas que celebrarán os días 6, 7 e 8 de xullo. O sábado haberá misa a partir das 13.30 horas, procesión e sesión vermú co grupo JB Son que tamén amenizará a verbena. O domingo continúa o programa cunha misa cantada pola coral polifónica de Guntín, de novo a partir das 13.30 horas.

Posteriormente, os asistentes poderán gozar de procesión coa banda municipal e sesión vermú. A verbena estará protagonizada pola orquestra Galaxia. O luns continúa a celebración con misa, procesión coa banda municipal e sesión vermú do dúo Dilema que estará acompañado pola orquestra La Misión á noite.

OBRADOIRO INFANTIL. O Concello



de Guntín pon en marcha o Campaguntín 2024, unha iniciativa que busca a diversión dos máis pequenos e facilitar a conciliación das familias. Os interesados xa poden reservar a súa praza no Concello. A actividade será de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas para nenos e nenas a partir de 4 anos. A proposta, cuxas inscricións son semanais, será do 1 de xullo ao 30 de agosto.

O IES Río Miño acada a mellor nota media de Galicia na ABAU

As temidas notas da ABAU ofreceron para o IES Río Miño de Rábade uns resultados espectaculares. Por segundo ano consecutivo o centro liderou o ránking na provincia de Lugo pero a isto sumóuselle o feito de liderar o ránking de toda Galicia. O seu alumnado obtivo a meritoria media de 8,141 sobre 10 puntos na proba xeral. A mellor nota de Galicia. O Centro manifestou a súa satisfacción polos resultados por outros datos engadidos, xa que un dos seus alumnos, Javier Hermida, obtivo a sétima mellor nota (13,78 sobre 14) da provincia de Lugo. Ademais de Javier, outras tres rapazas dos once participantes estiveron na gala Megabau aos mellores expedientes xa que obtiveron unha cualificación por riba de 13 sobre 14. Estas foron Laura Campo, Isara Longarela e Andrea Mallo, que estiveron acompañados polo director do centro, Ángel M.



Lage. Por suposto, o 100% do alumnado do dentro que se presentou á ABAU aprobou.

A isto hai que poñerlle outro dato de interese. A desviación entre a nota media que sacaron na ABAU e a media dos seus expedientes ten só unha diferenza de 0,22. A media dos seus expedientes é de 8,36 e a da ABAU (na proba xeral) un 8,14. “Isto é un indicador para o profesorado que amosa ter claro o que pedir

e esixir ao seu alumnado”, explican desde o centeo.

“Queda por saber se a media que sacou cada alumno e alumna lles vai permitir acceder aos estudos desexados. O que si sabemos é que no curso pasado foi así”. Estes resultados enchen de orgullo e satisfacción, non só ao alumnado participante na ABAU senón tamén ao profesorado pois reforza a súa liña de traballo”, engaden.



Entregados na vila os premios do concurso de marcapáxinas

O Centro Sociocultural de Rábade acolleu a entrega de premios do Concurso de Marcapáxinas convocado polo Concello de Rábade con motivo do Día das Letras Galegas 2024.

Entregáronse tres premios por categoría. A) De 6 a 8 anos. B) De 9 a 11 anos. C) De 12 a 14 anos.

Todos e todas levaron un diploma e un agasallo, nun acto presidido pola alcaldesa, Reme González.

Na categoría A, o primeiro premio foi para Area Barreiro Barja, seguida de Yanira Casanova Rábade e Lucas Engroba Bóveda.

Na B foi Arosa Casanova Rábade a gañadora, seguida de María Fernández Rodríguez e Unai Vázquez Varela. Finalmente, na categoría C, María Nogareda Sánchez fixo o deseño mellor valorado, seguida de Claudia López Pérez e Christian Castelo Purriños.

pol

A residencia de maiores de Pol celebra o seu quinto aniversario

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, xunto ao alcalde de Pol, Lino Rodríguez, compartiu este venres cos residentes do Centro de Atención a Maiores o quinto aniversario da apertura do centro, que a institución puxo en marcha en colaboración co Concello. José Tomé mantivo un encontro co persoal da residencia e cos usuarios e usuarias e familiares, que lle trasladaron o seu agradecemento por apostar por unha rede de centros públicos, de calidade e que lle permite á veciñanza quedarse a vivir na súa contorna. O mandatario provincial, que estivo acompañado tamén polo Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera e a Directora do centro, Inés Zas, participou nos actos organizados pola Deputación para conmemorar esta data tan especial. “Estou encantado de estar un ano máis celebrando coa familia do CAM de Pol esta xornada festiva, e ver con ledicia que seguen a desfrutar do ambiente acolledor que caracteriza as nosas residencias”, sinalou José Tomé. Destacou que “na Deputación temos un modelo de residencias público, centrado nas persoas, que serve de referente en España e en Europa”. Así mesmo, destacou o presidente o compromiso desta institución “por



manter e mellorar, se é posible, os cuidados e a atención” que reciben os usuarios dos centros de atención a persoas maiores, e tamén a seguir ampliando a rede de residencias da Deputación porque, con este servizo, “estamos atendendo ás persoas e, ao mesmo tempo, creando emprego e actividade económica no rural”. De feito, lembrou que no caso do CAM de Pol, a Deputación incorporou melloras nos últimos anos á demanda do propio persoal e dos usuarios e usuarias, co obxectivo de ofrecer unha maior atención de calidade e mellorar as condicións de traballo. Durante a xornada festiva renduse homenaxe a Pepe Pena, un dos primeiros usuarios que ingresou no centro no 2019 cando abriu as súas portas, e que faleceu en xuño do pa-

sado ano tras solicitar a eutanasia. O presidente xunto co persoal, os residentes, e a familia de Pepe, participou no emotivo acto organizado pola Deputación e o centro, no que se plantou unha árbore do recordo no xardín, en memoria de Pepe. Ademais, as 36 persoas que residen no Centro de Atención a Maiores de Pol desfrutaron ao longo da xornada de diferentes actividades programadas. Pola mañá, tiveron misa, actividades para recordar estes anos xuntos. Ao mediodía, o mandatario provincial acompañounos nun xantar con menú especial para celebrar este acontecemento, e pola tarde os usuarios e usuarias puideron desfrutar de música, baile e unha chocolatada con churros.

EN BREVE



MEMORIA. O Concello clausurou o taller de memoria que deu comezo no mes de outubro e no que participaron 32 persoas. A actividade estivo impartida por Afalu (Asociación de Familiares y Enfermos de Alzheimer y otras Demencias Neurodegenerativas de Lugo). A alcaldesa, Reme González, foi a encargada de facer entrega dos diplomas nun acto que se celebrou no Centro Sociocultural e no que estivo acompañada pola concelleira Sandra Novo e a monitora de Afalu, Sabela.



REUNIÓN CONSELLEIRA. A alcaldesa, Reme González, mantivo unha reunión de traballo coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para tratar posibles actuacións en materia de infraestruturas coas que mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas. Na xuntanza tamén participou o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, e os concelleiros do equipo de Goberno José Luis Novo e Carlos González.

O polo de empendemento asesorou uns 150 proxectos

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, expuxo en Friol os programas e iniciativas principais que está a desenvolver a Xunta para darlle un pulo ao empendemento en Galicia.

Na súa intervención, na xornada Os polos, comunidade emprendedora, que organizou o polo de Friol, sinalou a importancia que ten este eido para o Goberno galego e, por iso, avanzou que se está a traballar nunha estratexia para o empendemento, unha planificación que se baseará nun estudo previo de mercado. “Con ela búscase dar un impulso coordinado a este ámbito implicando a todos os axentes do ecosistema de empendemento de Galicia”, indicou.

Na súa exposición, Pablo Fernández puxo en valor, ademais, a Rede de polos de empendemento e apoio ao emprego coa que a Administración autonómica está a prestar asesoramento ás persoas emprendedores en calquera fase na que se atope o seu proxecto, desde o principio ao fin. Nestes intres existen 13 centros en activo que se ampliarán ata 15 con dous novos centros, en Vilanova de Arousa (Pontevedra) e Sarria.

Con esta Rede atendéronse xa, en escasos dous anos, máis de 1.900 iniciativas empresariais (466 na

provincia de Lugo), fixéronse máis de 5.000 titorías (1.276 na provincia lucense), arredor de 450 reunións con entidades do territorio (93 en Lugo) e centos de accións (preto de 100 en Lugo) entre formacións e eventos propios e externos en toda Galicia.

O polo de Friol, onde tivo lugar o acto, atendeu preto de 150 proxectos, a maior parte deles pertencentes a actividades profesionais científicas e técnicas (21%), seguido do sector da hostalería (14%) e da agricultura, gandería silvicultura e pesca (9%). En canto ás actividades, este centro realizou preto de 400 titorías. Sobre os proxectos de remuda, estanse a atender un total de 27 en toda a provincia.

O secretario xeral tamén destacou o Mapa de empendemento virtual, unha ferramenta que puxo en marcha a Xunta recentemente para integrar todos os axentes, entidades, redes e recursos dispoñibles para iniciar un negocio en Galicia. É unha iniciativa que a día de hoxe conta con máis de 180 entidades adheridas e que ten como obxectivo coordinar e buscar sinerxías entre o público-privado. Do que se trata, en palabras de Fernández, é reforzar a coordinación e a especialización do ecosistema emprendedor.

O polígono industrial continúa ampliándose con catro empresas

Na actualidade son catro as empresas que están asentando a súa actividade e construíndo as súas naveas, no Polígono Industrial de Friol.

Estas reunións no polígono industrial estes catro empresarios que escolleron este concello para asentar a súa empresa, xunto co alcalde, José Ángel Santos, e o xerente da Confederación de Empresarios de Lugo, ente encargado da xestión do Polo de Empendemento que a Xunta de Galicia ten en Friol, así como a delegada da Alcaldía, Ángeles Buján e dous técnicos do propio Polo.

Esta reunión serviu para poñer en contacto aos empresarios cos responsables do Polo de Empendemento, para que se coñezan e poidan ver as formas de colaboración e axudarse uns a outros, creando sinerxías entre os seus negocios co obxectivo de que desde o inicio das súas actividades comecen a xerar beneficio económico.

As empresas contan co apoio incondicional do Concello de Friol e do seu alcalde, José Á. Santos, o que sinala que “sempre estaremos ao carón das persoas que queiran emprender e asentar os seus negocios no noso pobo, intentaremos axudalas en todo o que estea nas nosas mans, é moi importante que existan empresas que opten por Friol para comezar ou continuar a súa andadura empre-



serial, e neste caso que dúas desas empresas sexan emprendedores do no pobo, échenos de satisfacción, que estes catro empresarios se decantasen por asentarse no noso Polígono Industrial e unha noticia importante para a poboación de Friol, xa que xerarán tecido empresarial, riqueza e postos de traballo no noso municipio”.

O equipo de Goberno capitaneado por José Á. Santos insiste en seguir potenciando o polígono industrial e en particular o seu Viveiro de Empresas xa que “vense os resultados da importancia do Viveiro e isto supón que novas empresas se acheguen e poidan instalarse no noso Concello, con todos os beneficios que isto supón, pola riqueza e postos de traballo que pode xerar para a nosa veciñanza” engade o alcalde.

Pola súa banda, a agrupación socialista de Friol denuncia a “política de improvisación do Concello, que pretende facer caer as consecuencias da súa ineficiencia sobre os emprendedores que ocupan os espazos do Viveiro de Empresas do Polígono Industrial”. Quéixanse de que o Concello pretende cobrar os 16.344 euros que deixou de cobrar durante os anos 2021, 2022, 2023 e 2024 ás empresas instaladas no viveiro de empresas cunha única liquidación. Segundo Ana Pardo, “o viveiro de empresas está a disposición de empresas que están comezando a súa actividade, con todo o que iso implica, e agora vanse atopar con facturas que chegan a máis de 7.000 euros nalgún caso, cantidades elevadas para afrontar nun único pagamento”.

Haberá campamentos en xullo e agosto

O Concello de Friol segue apostando por fomentar o deporte e os bos hábitos entre a poboación máis nova. Para elo opta por celebrar este verán, a unha nova edición dos campamentos de verán, onde unha gran parte da programación está dedicada ao deporte con atletismo, teatro, movemento rítmico, deporte, piscina e xogos cooperativos.

Esta actividade comezou o día 1 de xullo e rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá, dende as 10:00 ata as 14:00 horas para os participantes con idades entre os 4 e os 14 anos. O prezo do campamento é de 60 euros ao mes para os veciños e de 40 para os irmáns. Para os de fóra o prezo sobe a 125 euros e 85 para irmáns. Os prezos por semana será de 20 euros (10 para irmáns) e de 40 (25 para irmáns).

Hai tamén servizo de madrugadores desde as 8.00 por un prezo de 20 euros adicionais por semana. Para poñelo en marcha é necesario un mínimo de 10 nenos.

Todo preparado na vila para celebrar as festas patronais desde o día 13

Friol xa está preparado para celebrar a fin de semana do 13 a 15 de xullo as súas festas patronais na honra a Santa Isabel. A celebración, iniciarase o sábado 13 con pasarrúas a cargo de Xesta Verde. Contará xa nesta xornada con dobre sesión musical, a cargo de Kalima 3.0, en sesión de mediodía e noite, e con Aché na verbena.

O domingo será o gran día festivo. Abrirán as celebracións de novo os músicos de Xesta Verde percorrendo a vila. Haberá misa solemne tamén ás 13.00 horas, antes de dar paso ás sesión vermú, que estará a cargo de Alianza, quen tamén se ocupará da verbena, xunto a unha das actuacións estrela, a do Combo Dominicano.

Ese mesmo día, pola tarde, haberá programación especial para os



máis pequenos. Peter Punk Pallaso actuará ás 18.30 horas. Gran Parada e La Duendeneta porán o punto e final ás festas o luns 15 de xullo. A primeira actuará só na verbena, mentres que a outra fará dobrete. Tamén o luns, festa local, haberá misa solemne ás 13.00 horas.



O alcalde reúne con María Martínez para tratar varios proxectos

O alcalde de Friol, José Ángel Santos reuniuse coa nova conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez e o delegado da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias na sede da Delegación en Lugo.

O obxectivo da reunión foi estudar diferentes vías de colaboración para financiar diversos proxec-

tos que afectan ao municipio, co obxectivo de que se beneficien dos mesmos os veciños e veciñas de Friol.

“Agradecer a disponibilidad e implicación da conselleira María Martínez para que nos vindeiros meses e co apoio da propia Consellería sexan unha realidade”, destacou o alcalde.

O Concello de Castro de Rei acondiciona a Fonte de Prado

O Concello de Castro de Rei rematou os traballos para mellorar a contorna da Fonte de Prado, situada en Santa Locaia.

A fonte está xunto ao muíño do mesmo nome e sufriu un proceso de rehabilitación que implicou refacer as escaleiras de acceso, sen utilizar ningún tipo de formigón, e limpouse a fonte na súa totalidade.

Para poñer en valor esta antiga infraestruturas colocouse un sinal en madeira, indicativo da situación da mesma.



A veciñanza participou nunha concentración no centro médico

O BNG convocou á veciñanza a unha concentración diante do centro médico de Castro de Rei. Esta convocatoria forma parte das mobilizacións e accións que o BNG impulsou para reclamar ao goberno da Xunta de Galicia que aplique as medidas precisas para a dotación de recursos, tanto materiais como humanos, para contar cos servizos sanitarios plenos. A concelleira do BNG en Castro de Rei, Olga García, declarou “o BNG sempre vai estar do lado da veciñanza, é unha obriga garantir o dereito á saúde, mais o PP tanto na Xunta como no goberno municipal teñen un obxectivo, esnaquizar os servizos públicos”.

Neste senso, a concelleira subliñou “é intolerábel que as veci-



ñas e veciños deste concello non contemos con servizos sanitarios dignos, e sobre todo as doentes deste centro médico de Castro de Rei que vemos como nos pechan o consultorio dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro” e incidiu “o peche deste consultorio é unha

decisión política, decisión da cal o goberno municipal é cómplice” pois non se esta tendo en conta que a veciñanza de Castro de Rei ten que desprazarse ata o centro de Castro Ribeiras de Lea o cal tamén esta con servizos baixo mínimos”

A CHMS intensifica o traballo de limpeza no cauce do Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Estas actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2024.

Nestes días unha brigada composta por 4 operarios especializados e un capataz, traballan no río Azúmara, ao seu paso por Castro de Rei, traballos que supoñen un investimento que supera os 75.000 euros.

A intervención, de natureza puntual e selectiva ao longo de 6 km de leito, mellorará a capacidade hidráulica

do río e da composición da vexetación de ribeira.

Procederá á retirada de árbores secas, derrubados ou con estabilidade comprometida, ademais eliminaranse elementos arrastrados pola corrente obstrutores do leito. Os traballos executaranse de forma manual no leito e con apoio de maquinaria desde o exterior do leito. As árbores secas e troncos serán retirados con cabrestante desde un punto fixo situado na beira ou marxe.

No caso de curtos de amieiros, aplicaranse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto

de evitar a propagación de Phytophthora alni.

“Desde a CHMS traballamos para que os cidadáns #gozar e valoren a riqueza natural que forman os ríos e o ecosistema que os sustenta, coñecer para valorar, leste é o obxectivo”, concluíu o presidente.

As actuacións de conservación e mantemento de leitos son competencia das Confederacións Hidrográficas, coa excepción de leitos públicos situados en espazos urbanos cuxa competencia corresponde á Administración competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.



Valentín García destaca o traballo do poeta local Xosé Crecente Vega

O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participou hoxe nos actos de recoñecemento ao poeta chairego Xosé Crecente Vega con motivo do 128 aniversario do seu nacemento, onde destacou o seu importante traballo no “aumento do prestixio da linguaxe popular e pola paisaxe rural”.

No marco desta xornada realizada ao pé do carballo de Luxís, ao que o autor lle dedicou algunha das súas obras, o responsable de Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude recordou a figura deste sacerdote, latinista e poeta como autor dunha obra “con fonda impronta humanista que ocupou sempre un lugar destacado na historia da literatura e lingua galega”.

Na homenaxe organizada polo concello de Castro de Rei co apoio da Xunta de Galicia tamén participaron o alcalde, Francisco Balado, e o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, responsable da editorial Espiral Maior que en

2021 publicou o libro O mundo nun puño de remol (poesía póstuma), con poemas inéditos do autor.

Ademais, a música estivo moi presente, coa actuación da cantautora galega MJ Pérez que interpretou Paspallar, unha das tres pezas musicais elaboradas a partir da obra de Crecente Vega e cuxas versións musicadas pódense escoitar no Portal da Lingua Galega.

Xosé Crecente Vega (1896-1948) naceu na parroquia de Santa María de Outeiro, no concello de Castro de Rei, en pleno corazón da Terra Chá, o 3 de xuño de 1896. Fillo de labregos, estudou Latín no Seminario de Mondoñedo e anos despois Teoloxía. Xa sendo párroco cursou Filosofía e Letras nas Universidades de Santiago de Compostela e Salamanca.

Encádrase na Escola poética do Seminario de Mondoñedo da que forman parte, entre outros, Antón María de Castro e Neira, Xosé Trapeiro Pardo ou Aquilino Iglesia Alvariño.

Aprazado para setembro o Criterium aeronáutico no aeródromo de Rozas

Rozas acollerá unha nova edición do Criterium Aeronáutico, que se celebrará en Rozas a finais de setembro despois de telo retrasado desde xullo, a súa data orixinal. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente do Real Aeroclub, Luis Abelleira, polo que a institución provincial achegará 10.000 euros para a cita consolidada como unha das máis importantes do panorama nacional.

Contará un ano máis con actividades pensadas para todos os públicos, entre as que se incluírán

o paracaidismo, paramotor, voo acrobático, drones, ultralixeiros ou un simulador de voo. Habrá tamén un circuito de karts, inchables, voos de exhibición e exposicións. Un ano máis terá lugar de forma simultánea a Volta Aérea a Galicia, aberta a todos os pilotos que desexen participar.

Trátase dun evento moi atractivo, que forma parte da oferta turística de Lugo e que consolida á provincia como un destino de experiencias. A institución provincial volve a ser a Administración que fai unha aportación económica maior, financiando do preto do 50 %.

castroverde

La Misión, Grupo Extra e La Fórmula estarán nas festas de Santiago

Do 24 ata o 27 de xullo Castroverde celebrará as súas festas na honra ao Santiago Apóstolo cun amplo programa no que estarán La Misión, o Grupo Extra e La Fórmula, entre outras formacións. O día 24 os asistentes poderán gozar do Grupo Cano, formación asturiana que ten como obxectivo de divertir ao público, facendo un repertorio do máis variado, combinando talento e baile.

Estarán acompañados de La Misión, referente nas festas e eventos de todo España. O seu espectáculo considerase coma o máis grande

do territorio nacional, para o cal necesitan ata 5 camiós. Para o día do Santiago Apóstolo contarán co Grupo Extra, agrupación formada no ano 2007 e considerada a principal banda de bachata en Europa. Na mesma xornada, estará Mekanika Rolling Band, agrupación de Negreira formada no 2003 e considerada tamén como electrochanga pola súa amplificación dos instrumentos e pola súa temática de rock and roll, ska e reggae. O programa continúa o venres 26 coa orquestra La Fórmula que ofrecerá o seu gran repertorio.

A localidade prepárase para celebrar a Festa da Pena

O concello de Castroverde prepárase para celebrar a Festa da Pena. Este ano a cita vólvese a organizar en xullo, como se facía antigamente, ata que na segunda metade do século XIX se cambiara a setembro por razón dos traballos agrícolas.

A romaría en honra a Santa María Madalena será o 20 de xullo e comezará ás 13.30 horas con misa e sesión vermú co grupo Alma Latina. A partir das 19.00 horas terá lugar a primeira ruta polo Eirado e xa ás 23.00 dará comezo a verbena con Alma Latina e o DJ Adolfo Valiño.



A Fortaleza Sport únese ao grupo de xestión da Reserva Terras do Miño

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, presidiu no salón de actos da Deputación os órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, xestionada pola institución provincial. O encontro serviu, entre outras cuestións, para a incorporación de tres novos membros ao órgano de participación, superando as 60 entidades, e para a aprobación definitiva do Plan de Xestión da Reserva para o período 2024-2034.

Na reunión, Pablo Rivera anunciou a incorporación de tres novos membros nos órganos participativos da Reserva logo de que as solicitudes

de ingreso foran aprobadas polo órgano reitor. Desta maneira, incorpóranse a asociación cultural e deportiva A Fortaleza Sport, o club de marcha nórdica Nordic Walking Lugo e a asociación de veciños de San Cosme de Nete. Pablo Rivera valorou positivamente que xa sexan máis de 60 entidades as que integren o órgano de participación da Reserva Terras do Miño, "uns datos que non deixan de medrar e que demostran o traballo constante que fai a institución provincial por involucrar o tecido asociativo na toma de decisións do desenvolvemento sostible do territorio".

outeiro de rei

O mes de xullo iniciárase cunha nova edición da Feira de Artesanía

Outeiro de Rei prepárase para celebrar o sábado 6 de xullo a súa Feira de Artesanía, celebración grande do Concello, que coincide coas festas patronais na honra de Santa Isabel, e que acada a súa XVI edición cunha serie de actividades paralelas coas que se pretende dar máis pulo aínda a esta tradicional celebración.

Está prevista a participación de preto de 90 expositores. Na actualidade teñen confirmada asistencia 63 postos de artesanía e 18 de alimentación.

O programa da feira iniciase coa III Andaina Solidaria organizada pola Asociación Somos Unidos por el cáncer, asociación presidida por José Manuel Vázquez, andaina na que colabora o Concello de Outeiro de Rei. Está prevista a saída da Praza do Concello ás 10:30 h; o trazado da andaina terá un percorrido de 6 km, é un trazado circular de dificultade baixa.

Ao longo da xornada haberá demostracións en vivo de oficios tradicionais: as olarías de tradición de Sober e Buño estarán presentes nesta décima sexta edición da feira e varios artesáns máis, entre eles o zoqueiro Alberto Geada. Tamén haberá unha representación da asociación Bolboretas fiandeiras que realizarán fiado de la e de membros da asociación Corazóns artesáns con exhibición de macramé, bolillos...; moitos postos da feira contribuirán tamén á vistosidade da mesma facendo demostración dalgún dos traballos que realizan de forma cotiá na elaboración das pezas que despois venden



nestes mercados.

Dende primeira hora da mañá haberá varios puntos solidarios para contribuir á recadación de fondos para distintos fins sociais.

O Campo de Santa Isabel será o espazo que acolla varios obradoiros durante todo o día para todas as idades.

De 12:00 h a 14:00 h está previsto na Praza do Concello unha degustación gratuíta de minihamburguesas en colaboración coa asociación de criadores de porco celta Asoporcel.

A partir das 13:00 h no Campo de Santa Isabel, nas inmediacións do circuíto deportivo, está previsto o inicio dunha exhibición de figurismo a cargo dos escultores Marcos Mariño e Yosi Fervenza, que realizarán ao longo da xornada unha exhibición de escultura con motoserra.

ACTUACIÓNS. Para ese día están previstas tamén varias actuacións. Así ás 12:00 h o grupo de gaitas Nubeiro de Lugo estará na inauguración da feira e animando as rúas da mes-

ma no tradicional pasacalle; ás 13:00 h actuará diante da casa consistorial a banda municipal de música Sons e soños e a partir das 17:30 h haberá animación musical polas rúas da feira a cargo de Nubeiro e do grupo de cantos de taberna Son de Outeiro.

Igualmente, a partir das 13:00 h, no Campo de Santa Isabel terá lugar a tradicional Concentración de coches clásicos. Neste mesmo espazo, á entrada do Campo de Santa Isabel, instalarase un punto de adopción canina a cargo da empresa outeireisa Garatuxa que está ocupándose a través dun convenio dos cans que recolle o Concello de Outeiro de Rei no seu termo municipal. Como nas pasadas edicións, haberá posibilidade de xantar a partir das 13:30 horas na fermosa carballeira do Campo de Santa Isabel ben baixo carpa, onde a comida será servida polo Restaurante González ou no propio campo nas tradicionais merendas.

Un ano máis a feira ofrecerá a posibilidade de realizar paseos en kaiak polo río Miño.

Entregados os premios do último certame das Letras Galegas local

O salón de actos do Concello de Outeiro de Rei acolleu a entrega de premios de narración e debuxo das Letras Galegas 2024.

No evento estiveron apuntados ata 66 participantes, todos eles sendo nenos e nenas do concello, dende primeiro curso de primaria ata sexto. Os participantes gañadores recibiron un agasallo e un diploma. O alcalde do concello de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, estivo presente na entrega.

En debuxo Mara Lage Vázquez foi a gañadora na categoría de ata 8 anos. Tamén recibiron premio Aroa Fernández Barreiro e Anxo Illán Sánchez.

Na categoría B, para nenos de 9 a 11



anos, gañou Breixo Araújo González, seguido de Juan David Barreiro Gómez e Iago Río Pernas. Recibiron un accésit Mariña Tubío García e Thiago Casanova Sánchez.

En narración foron os gañadores

Aroa Fernández Barreiro, Area Barreiro Barja e Martín Blanco Pérez na categoría de menores de 8 anos. No B gañaron Valeria Díaz Morandeira, Alicia González Núñez e Claudia Carreira Freire.

A última poxa en Adai protagoniza a cotización máis alta da historia

A edición número 101 da poxa de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia que tivo lugar no recinto feiral de Adai no Concello do Corgo supón un antes e un despois para a Raza Rubia Galega. Na cita, organizada polo Concello e a Asociación de criadores Acruga, logrouse lograrse un récord histórico en canto a cotizacións, ao adxudicarse a primeira xovenca preñada da poxa en 7.000 euros a un gandeiro de Castroverde. Foi a cotización máis alta da historia e por descontado a poxa máis longa e máis rifada de todas as que se lembran ata a data.

De feito, o exemplar presentouse no anel de poxas a un prezo de saída de 2.200 euros, e foi subindo de 50 en 50 euros ata alcanzar a friorenta dos 7.000 euros finais. E é que á marxe do récord de 7.000 euros, -cando as cantidades máis altas que se lembran roldaban os 4.500 euros-, a xornada foi todo un éxito en canto a prezos, á adxudicación de todos os animais presentados, á gran cantidade de compradores e aos prezos medios. A poxa nacional de Adai finalizou cunha media para de 3.133 euros e de 2.850 euros, fixando tamén récords na historia das poxas de Acruga.

A xovenca de récord, procedente do



centro de recría da Granja Gayoso Castro era a primeira da poxa e tamén a primeira en canto á súa cualificación lineal, cunhas puntuacións que explicaban que se trataba dun animal morfoloxicamente perfecto. Pouco antes das 12.00 da mañá comezou a poxa con outra marca que facía presaxiar a animación e as poxas moi rifadas, xa que un total de 68 posibles compradores retiraron a tarxeta que lles acreditaba para poxar.

O deputado de Medio Ambiente, Carlos López, e o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández asistiron, xunto ao presidente da Asociación Nacional de Criadores de

Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega (ACRUGA), César Dorado Pin, e outras autoridades, á cita. A institución provincial presentou 12 animais do centro de recría da Granja Gayoso Castro.

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, tampouco se quixo perder a 101 edición da Poxa de gando vacún selecto de Raza Rubia Galega no Corgo. Neste evento, a conselleira puxo de relevo a importancia da conservación e promoción desta raza e o compromiso do seu departamento co futuro da gandaría galega, tanto de leite como de carne, fomentando especialmente aquelas razas autóctonas da comunidade galega.

Programan viaxes ás praias durante o verán

O Concello programa viaxes ás praias os xoves durante o verán. Nas semanas que o xoves é festivo trasládase aos mércores. As viaxes terán un custo de 8 euros para os empadroados e 12 para os non empadroados, con saída ás 9 da mañá da antiga cámara agraria.

As viaxes á provincia de Pontevedra (praia das Américas e Samil) terán un custo engadido de dous euros en cada contribución (10 euros os veciños do Corgo e 14 os non em-

padroados neste concello) e a saída será ás 8 da mañá da antiga cámara agraria. Para inscribirse haberá que chamar ao teléfono 622 500 462, de luns a mércores, en horario de 10.00 a 13.00 horas. Respetarase a orde de inscrición.

O destino da praia pode ser variado segundo o tempo e a hora de regreso pode ser modificada tamén. O 4 de xullo irán a Samil, o 11 a San Cibrao, o 18 a Foz, o 24 a Ares e o 1 de agosto a Rinlo.

Convocada a ruta Andando e Correndo pola Vía Küinig o 14

Baralla e O Corgo acollen a terceira edición da ruta Andando e Correndo pola Vía Küinig. A cita será o vindeiro 14 de xullo. A andaina comezará ás 10.00 horas e a carreira ten a hora de comezo ás 11.00 con saída na praza do Concello de Baralla. A meta será na capela de San Bernabé, no Corgo e haberá servizo de buses de meta e saída e regreso. As inscricións pódense realizar a través de www.cc-norte.com cun prezo de 10 euros ata o 10 de xullo.



portomarín

O PSOE local denuncia a baixa frecuencia no servizo de recollida de lixo

A agrupación local do PSdeG-PSOE denuncia a escasa frecuencia de recollida de lixo nas parroquias do concello.

Desde a formación socialista consideran que todos os veciños e veciñas do municipio teñen dereito a vivir nun entorno limpo e por iso reclaman unha maior frecuencia no servizo de recollida do lixo do que dispoñen.

Como exemplo poñen a parroquia de San Mamede de Belaz na que aseguran que os contedores están durante días a rebordar, sen que se cheguen a baleirar.

Esta demanda únese a petición que fan con respecto ao estado dun dos xardíns máis emblemáticos do concello, que desexan que se limpe e se coide con máis asiduidade.

O Concello busca persoal para traballar no servizo de axuda a domicilio

O Concello de Portomarín precisa persoal para traballar en axuda a domicilio no período vacacional ou calquera outro tipo de necesidade das actuais traballadoras deste sector. Os interesados poden chamar ao 682 633 936 e solicitar máis información nas oficinas do servizo socials municipais.

Con este servizo preténdese xestionar a demanda dun conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora, de toda a poboación do concello, na casa, naquelas situacións en que a autonomía persoal se vexa limitada, ou naqueles casos de desintegración familiar.

Mario Outeiro segue a presentar o seu libro de escapadas polo Corgo

Mario Outeiro continúa coas presentacións do seu libro *19+(1) Escapadas polo Corgo. Guía visual do Concello*. Nas citas acompañarán ao autor Iria Castro, deputada de Cultura; Xosé Manuel Castro e Lolo de Anseán.

As presentacións comezaron o día 21 e 26 no Punto de Atención á Lectura do Corgo e na Deputación Provincial. Continúan o 5 de xullo, a partir das 20.45 horas, na antiga escola de Adai e o venres día 12 de xullo, tamén ás 20.45 horas no local social de Cela. As persoas asistentes á presentación recibirán un exemplar de agasalho.

DEPORTES



O Lume de Lugo remata a Liga de béisbol infantil

Celebrouse a final da Liga Galega de Béisbol Infantil no campo de béisbol de Acea de Ama en Coruña. A xornada transcorreu con partidos simultáneos en dous campos, onde os seis equipos participantes desfrutaron dunha nova xornada de béisbol e posteriormente da entrega de premios.

No campo 1 o CBS Cambre, o CBS Os Tilos e o Trasnós Black disputaban os tres primeiros postos, mentres que no campo 2 os Leones de Oroso, os Trasnós Grey e o Lume BC competían polo cuarto, quinto e sexto posto da clasificación. O Lume de Lugo disputou dous partidos cun resultado bastante iguala-

do pero sen acadar liderar o marcador, quedando a 2 puntos contra os Leones de Oroso e a 3 puntos contra o Trasnós Grey, ocupando así o sexto posto na clasificación.

Carmelo Porta, Marta Mosquera, Diego Ares, Xoel Rodríguez, Mario Vila, Guillermo Torre, Manuel Osorio, Miguel Díaz, Luis Otavio Prieto e Aarón Bilbao regresaron á cidade amurallada portando con orgullo o trofeo gañado, que compartirán co resto de membros de equipo que non puideron participar por incompatibilidade de axenda nunha importante data na nosa cidade marcada polo Arde Lucus.

O Biosbardo suma dous podios absolutos e catro medallas individuais

Novo campionato Galego para o C. D. Biosbardo no que unha vez máis as e os atletas amosaron un gran nivel e sobre todo un gran traballo colectivo. Esgos acollía o domingo 16 de xuño o Campionato galego de Carreiras de Montaña, nun trazado rápido de 17 quilómetros no formato regulamentario: subir e baixar. Ó mesmo tempo a proba formaba parte do calendario da modalidade "classic" da Federación Galega de Atletismo sendo o evento considerado como máis curto e explosivo.

O percorrido partía do centro da localidade, pasando polo Santuario de Rocas e coroando na cima da capela da Virxe do Monte, cun descenso vertixinoso ata o mesmo centro do concello ourensán. Nel sumaron dous podios absolutos e 4 medallas individuais. Carreira forte para Tamara García, onde se mantivo en persecución constante durante toda a carreira cedendo uns segundos tan só na última subida que non se pui-

deron recuperar na baixada cun final de infarto, propio dun campionato galego.

Co seu bronce Tamara sobe ata o 5º posto da clasificación galega de trail running da Federación entrando en postos de selección galega. Federico Losada suma un bronce absoluto e título Master 45. Estratexia clara, cunha remontada na última metade de carreira que o metía no podio; moi bo rendemento e planificación. Con este resultado 'Fico' colócase como líder da clasificación galega de Trail Running. Pola súa parte, moi preto dos podios absolutos e co premio das medallas por categoría estiveron Emilia Montilla, que foi campión galego Master 50.

Marcos Pascual coroábase como subcampión Máster 40, quedando tan só a uns segundos do título, que se escaparía na última baixada. Marcos pecha o 'Top 5' da clasificación estando en postos de Selección. Kenia Estrada facíase co bronce.

O Lugo B feminino e o San Lázaro masculino acadaron o ascenso

O Club Deportivo Lugo B Feminino ascendeu este ano á categoría Segunda Galicia despois de vencer na final do play off de ascenso contra o Lóstregos CF C na Gándara de Gondomar. O filial albivermello fixo valer a vitoria por 2-0 no partido de ida e caeu derrotado por 1-0 no campo de Chaín para lograr finalmente o ascenso.

O San Lázaro logrou o billete a Primeira logo de vencer na prórroga ao Brollón no partido de volta das eliminatorias de ascenso.

Despois dun primeiro partido entre ambos en Lugo, que rematou 1-1, xogaron na Pobra outro partido moi igualado, que finalizou de novo con empate, nesta ocasión a ceros. Como manda a normativa déronse 30 minutos



de prórroga e xa nos primeiros minutos marcou o único gol do partido o San Lázaro, obra de Pablo que lle permitirá xogar o ano que vén na primeira categoría do fútbol afeccionado.

Un gran regreso para o equipo lu-

gués, que retorna a unha competición que abandonou hai poucos anos. Na fase de semifinais o San Lázaro superou ao Becerreá, cun 2-0 na ida e un 2-1 na volta. Malia perder o segundo, no cómputo xeral levouse a vitoria.

O Lugo Sala FS cóase na Segunda División para facer historia

O Lugo Sala ascende a Segunda División tras o seu encontro co Xerez nun ateigado Municipal. Baixo o mando de Guillermo Martínez, os lucenses logran o ansiado salto de categoría nun disputado partido (2-2). O segundo tanto co que os locais lograban o empate, acadando así o obxectivo, chegou a falta de poucos minutos para o final.

Con este resultado, o conxunto, que cumpre unha década de vida, continúa a súa aposta por levar o fútbol sala da cidade a onde se merece: á elite nacional. "Porque o obxectivo do noso club dende case o primeiro ano era intentar levar este deporte ao máis alto aquí en Lugo e seguiremos inten-



tándoo. Estamos no camiño, pero non é fácil", contaba o presidente, Marcos Pereira.

Este ascenso chega tras o intento da pasada tempada, na que un gol

os afastaba dese salto de categoría coa que o fútbol sala lucense volve a estar no máis alto e recorda á época do Prone, cando o club era referente a nivel estatal.

O Ribeira alevín, subcampión de España

O Ribeira alevín masculino pechou unha gran tempada na que foi campión galego coroándose como subcampión de España tras o encontro co Barcelona. Este partido chegaba tras a vitoria contra o Monprisala na quenda de penaltis nas semifinais. Os lugueses caeron contra os cataláns firmando un axustado 2-3 que lle daría o título aos anfitrións.



“No karate movemos moita máis canteira que outros deportes”

Case 200 familias conforman a Escuela Deportiva Shihan de Lugo

Lucía Blanco

A Escuela Deportiva Shihan de Lugo conta con pouco máis de catro anos de percorrido pero xa se converteu nun dos clubs de referencia na nosa comunidade. Empezaron nun momento complicado para os deportes de contacto, pero iso non os freou no seu cometido de darlle o espazo que merece a esta arte marcial. “Comezamos xusto antes da pandemia e despois coa crise sanitaria tivemos que pechar pero retomamos”, conta Lara Abelleira, a directora técnica. A tradición marcial venlle de familia pois é filla de Jesús Abelleira, tatami que adestrou a centos de deportistas e fundador do Club Shihan.

Son un club moi familiar. Que é o que priman na escola?

Intentamos que os nenos se atopen a gusto, o pasen ben e ao mesmo tempo aprendan. O obxectivo é crear unha atmosfera aquí na que se atopen moi cómodos, confiados e seguros. É verdade que hoxe en día hai moito alumnado con cadansúa problemática e intentamos que todos eles atopen un sitio no que estar felices, no que poidan ser eles mesmos e aprender.

Lograron formar unha ampla comunidade nestes anos.

Na escola temos case 200 familias e ademais temos *full contact*, un grupo grande de *brasilian jujitsu* e monitores en colexios como Maristas, Divino Maestro, Rosalía, Anexa ou Franciscanos. Entón ao final son como unhas 300 persoas as que pasan por aquí.

Que idades abarcan?

Temos desde os 4 anos ata sen límite de anos porque diferenciamos por idades. Os do grupo de iniciación van desde os 4 ata os 12 (infantil e primaria), avanzado abarca Secundaria e Bacharelato e o grupo de karate máis tradicional está máis orientado a adultos e rapaces cuxo interese primordial non é a competición.

Precisamente, a idade non é un obstáculo á hora de iniciarse neste deporte.

Eu dou clase nos Salesianos e a min chámame moito a atención porque sei que a adolescencia é unha etapa moi complicada e aquí adoitan empezar e encóntranse moi a gusto. No caso dos adultos, aínda que non é o máis frecuente, tamén. Temos algúns que empezaron esta tempada de 0 e teñen moito mérito. Igual proban porque veñen os fillos e gústalles os valores que transmitimos ou porque alguén llo recomendou

porque axuda a mellorar a condición física e psicolóxica.

Trátase dun exercicio mental e non só físico. Que beneficios aporta?

A nivel psicolóxico hai que memorizar e facer un esforzo ao mover e coordinar as pernas e os pés en todas as direccións e non é algo intuitivo. É un deporte que aporta moita confianza e seguridade porque é defensa persoal entón ao final favorece a autoestima. Nós facémolo dunha forma lúdica e as clases están ben preparadas e segmentadas e vano aprendendo aos poucos. Ademais, aporta flexibilidade, coordinación, forza, velocidade, potencia e mellora a capacidade de orientación.

Que é o que engancha desta disciplina?

Unha vez que probas e ves todos os beneficios que aporta a práctica creo que ninguén se arrepinte. En seguida se ven os beneficios, todo o mundo o di. Temos nenos con Asperguer, Autismo e TDH porque os médicos recomentan esta actividade. E moitos dos pais que veñen é porque viron os beneficios nos fillos, quixeron probar e están encantados.

Cren que o karate ten o recoñecemento que merece?

Nós somos un club recoñecido ta-



mén pola traxectoria de meu pai. A nivel mediático notamos que non é coma outras prácticas como o fútbol ou o baloncesto, aínda que a nivel nacional e galego contamos con moitísimas licenzas. Por exemplo, imos a un campionato de España e ao mellor nunha categoría hai sobre 60 nenos. É un deporte moi practicado, pero a nivel de visibilidade é minoritario, aínda que movemos moita máis canteira que outros deportes e temos un gran nivel.

Na última liga galega conseguiron 43 metais. Cal é o segredo para que os resultados acompañen en cada unha das competicións?

Somos moitos e os nenos anímanse a ir. Temos clases todos os días da semana menos os domingos, polo que os rapaces teñen uns adestramentos moi continuados e dirixidos. Ao final é unha suma de moito esforzo e de traballo diario que se ve recompensado.

Sempre nos posicionamos no alto do medallero e, evidentemente, iso é o resultado do traballo, porque de ningunha outra forma se podería conseguir.

Teñen tamén nenos na Selección Española. Que supón isto como club?

É un logro moi grande. Aquí en Lugo non hai ningún club que o lograra e a nivel galego haberá 1 ou 2 como moito. A nivel autonómico somos o mellor club e a nivel nacional somos tamén un club referente.

A este bo facer súmase que darán o salto a nivel internacional.

Cada vez imos crecendo máis e chegamos a máis. Ímolo a dar con polo menos dous rapaces que están na Selección Española e que foron convocados para un campionato internacional na Coruña, na Youth League, e logo xa como club levamos a outros dous. Entón crecemos máis porque así o esiximos.

O Lugo cambia a súa dirección nas tres fronteiras

O CD Lugo e Lolo Escobar chegaron a un acordo no día de hoxe para a incorporación deste último como novo adestrador do primeiro equipo da entidade.

Manuel María Escobar Rodríguez (13-05-76, Don Benito), conta cunha xa ampla traxectoria no fútbol nacional en clubs como Las Rozas CF, Salamanca CF, CD Mirandés, Hércules CF ou Alxeciras CF, a súa última experiencia nos bancos.

Escobar chega acompañado do seu staff técnico e firma por unha tempada, máis outra opcional. A data da súa presentación será anunciada proximamente.

Ademais, Roberto Sáez xa é o novo director deportivo do CD Lugo. O novo responsable da dirección deportiva mostraba o seu agradecemento con acerto Saqués e ao club pola confianza depositada nel, e confesaba tratarse dun gran reto a nivel persoal e profesional.

David Páez xa é o novo director de canteira do Club Deportivo Lugo. Xunto a el comparecía o director deportivo, Roberto Sáez, que presentaba a Páez definindo cal é o obxectivo



vo do club coa súa contratación: “É unha incorporación que realiza o club con vistas a potenciar o traballo de canteira e tentar ser a terceira potencia dentro de Galicia”.

O sarriao amosábase moi contento pola súa incorporación: “Son de Lugo, de Sarria, a 20 quilómetros, lévoos no sangue”. “Quero agradecer a oportunidade que me brinda o club e, en especial, o presidente Tino Saqués”. O novo director asegura que a provincia ten un nivel moi alto: “Queremos demostrar que esa materia prima que hai aquí é óptima para competir ao máximo nivel”.

O PortaMiñá incorpora 40 metais ao medallero

O Club Natación PortaMiñá segue a sumar grandes resultados. O equipo absoluto finalizou a súa participación a competición nacional máis importante desta tempada, o Campionato de España Open Trials, que se disputou en Palma de Mallorca onde competiron os mellores nadadores nacionais en busca da clasificación para os Xogos Olímpicos de París.

Nesta competición destacou excesivamente Inés Mourenza conseguido, na súa categoría júnior anterior á absoluta, tres medallas de prata en 1500 e 800 libres, en 200 bolboreta con Mellor Marca Galega de 17 anos e a medalla de bronce en 400 libres. Ademais, clasificouse na categoría absoluta 7ª en 800 libres, 6ª en 1500 libres, 9ª en 200 bolboreta e 10ª en 400 libres. Inés encamiña agora a súa preparación ao Campionato de Europa de Augas Abertas coa selección española que se celebrará en Viena (Suíza) do 11 ao 14 de xullo e no que competirá na distancia de 7500 mts.

Pola súa parte, Sofía Mourenza clasificouse en 100 braza en 4ª posición júnior e 9ª absoluta, en 200 braza 4ª júnior e 10ª absoluta, en 50 braza 8ª júnior e 12ª absoluta e en 400 estilos 15ª júnior. Martín Vázquez finalizou 10º absoluto en 50 bolboreta; Brais Novo logrou o posto 11º en 200 braza en categoría absoluta, 25º absoluto en 100 braza e 33º en 50 braza. Ademais participaron Brais Pérez en 200, 400 e 1500 libres, Carmen López e Marta aRous na substitución de 4x100 estilos feminino e Samuel Gómez en 50, 200 e 400 libres. En Cervo disputouse o Campionato Galego Alevín no que os Alevíns do PortaMiñá non quixeron ser menos que os seus compañeiros en Palma de Mallorca e fixéronse co título de campións galegos por diante de 25 equipos de toda Galicia. Nesta competición conseguiron 11 medallas de ouro, 12 de prata e 13 de bronce. Sen dúbida un novo éxito do PortaMiñá que segue demostrando unha fortaleza e dominio sorprendente na natación Galega.

Convocada unha nova edición do Volante Deputación

A Vicepresidencia da Deputación impulsa un ano máis o Volante Deputación, un programa formativo e deportivo que ofrece a pilotos noveis a oportunidade de iniciarse na competición automobilística. A décimo terceira edición desta cita celebrarase o 13 e 14 de xullo no circuito da Pastoriza, o único circuito oficial destas características no territorio da provincia de Lugo. A inscrición faise enviando a folla de inscrición ata o 11 de xullo ao enderezo electrónico piloto@pt-cescuela.com.

O programa, con 160 prazas, mantén o formato das edicións anteriores, cunha parte formativa na que as persoas participantes reciben un curso de condución para igualar e equilibrar os coñecementos entre uns e outros, e outra puramente competitiva, cunha proba cronometrada da que sae o vencedor do Volante Deputación de Lugo, que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2024, dentro da estrutura do equipo de competición PTC.

DE RUTA EN RUTA

Pedrafita: Ruta do Camiño de Santiago nos Ancares

Permite gozar das vistas da Serra dos Ancares e do Courel e das xoias patrimoniais da zona como as pallozas ou os hórreos

O itinerario desta ruta, que pode facerse a pé, en bicicleta ou a cabalo, comeza en Pedrafita. Pola N-VI, no quilómetro 433, encóntrase a vila, o centro neuráxico deste municipio e desde onde parte o percorrido para chegar ao Cebreiro onde se comunica co Camiño Francés que seguirá ata o seu remate en Fonfría, núcleo que conserva a igrexa de San Xoán do século XVI. Trátase dun camiño moi recomendable tanto para os amantes do sendeirismo e das paraxes naturais coma para aqueles que buscan achegarse e coñecer a espiritualidade e a arquitectura da Ruta Xacobeá neste concello. Despois dos 5 quilómetros da primeira etapa (Pedrafita-O Cebreiro), na que pode aproveitarse para visitar a área recreativa de Val de Cabrita, os miradoiros de Pedrafita e do Cebreiro ou o conxunto etnográfico do Cebreiro, o camiñante diríxese dende o Cebreiro a Liñares para rematar o seguinte tramo (O Cebreiro-Liñares-Hospital) que comprende uns 6 quilómetros. Neste punto, encóntrase o alto de



San Roque, monumento ao peregrino, e a igrexa de San Xoán de Hospital da Condese do século XII. A terceira etapa (Hospital-Fonfría), que pasa por Padornelo, onde tamén se pode contemplar a súa igrexa, ten unha duración moi semellante. Dende o punto de vista da natureza, é a viaxe perfecta para desfrutar das fantásticas vistas panorámicas ao longo do seu percorrido, xa que se pode divisar a Serra dos Ancares ou a do Courel e a comarca do Bierzo. Por outra banda, hai que destacar que pasa polo Alto do Poio, o punto máis alto do Camiño Francés. Dende un punto de vista espiritual e arquitectónico, o camiñante contemplará as igrexas e ermidas coa típica arquitectura da montaña lucense; as pallozas, vivendas prerrománicas que se conservan en perfecto estado no Cebreiro,

así coma tamén os hórreos típicos e monumentos que se erixiron na honra á peregrinación a tumba do apóstolo Santiago. Entre estas xoias arquitectónicas chama especialmente a atención a Igrexa de Santa María a Real do Cebreiro que se remonta ao século IX e é considerada o monumento máis antigo de todo o itinerario francés.

Como valor engadido pódese degustar a impresionante gastronomía da comarca, como son o queixo do Cebreiro e pratos que levan como base este ou elaboracións con produtos derivados da carne de porco ou de tenreira. Como complemento deste percorrido, pódese realizar a Ruta do Lago Maior, dun 2 quilómetros, ou da Ruta do Milagre, que comprende uns 6 quilómetros e medio de viaxe.



DATOS



3 horas/etapa



16 quilómetros



Dificultade alta

VEO VEO

2x1

Monofocales · Progresivas · Sol

Para que veas veas

OPTICALIA CALLAO

LUGO | FERROL | ASPONTES | NARÓN | ORTIGUEIRA

Promoción válida del 02-05-24 al 31-07-24. Siempre se cobrará la gafa de mayor importe. 1ª Gafa: graduada de vista, lentes monofocales o progresivas, elegir cualquier montura de cualquier marca disponible en las tabacquerías 2ª Gafa: lentes graduada de sol o vista marcas Koome, Trend, PULLBEAR, con la misma graduación y tratamiento que la 1ª gafa. También de sol sin graduación marcas Trend y PULLBEAR. Los productos sustraen de esta promoción son conformes a normativas legales.